

[illegible]

XUNTA DE GALICIA

Mocidade, lingua e redes sociais

Luis Ángel Domínguez

Fernando Ramallo

Introdución	1
1. Deseño metodolóxico	2
1.1. <i>Enquisa</i>	2
1.2. <i>Grupos de discusión</i>	6
1.3. <i>Ficha técnica</i>	6
2. Internet. Caracterización xeral	7
2.1. <i>Frecuencia de uso e experiencia temporal na rede</i>	7
2.2. <i>Dispositivo utilizado para acceder á rede</i>	10
2.3. <i>Percepcións</i>	12
2.4. <i>Prácticas</i>	13
3. Redes sociais	20
3.1. <i>Perfis dos usuarios das redes sociais</i>	22
3.2. <i>Redes sociais en galego</i>	26
4. Lingua e redes sociais	28
4.1. <i>Localización de software</i>	31
4.2. <i>Estabilidade e mudas nas prácticas lingüísticas na rede</i>	31
4.3. <i>A lingua galega na rede. Actitudes</i>	43
Análise DAFO	59
Remate	67
Anexo	69

Introdución

O cambio tecnolóxico máis determinante da época actual está intimamente relacionado coa emerxencia dun tipo de interacción reticular a través de máquinas completamente integradas no día a día cotián de gran parte da poboación mundial. Vivimos nun mundo de redes descentralizado, inmenso nas súas dimensións, que está mudando a nosa forma de interactuar, as nosas identidades, a xestión dos recursos, o control sobre a información, as formas de facer política, de educar, de comprar, de vender etc.

En todas estas actividades de interacción multimodal, a linguaxe ocupa un lugar central. No caso de linguas socialmente minoritarias, a relación coas novas tecnoloxías é complexa e problemática. Dun lado, por ser estas propias tecnoloxías a maior fonte de divulgación das linguas maioritarias e dos seus valores culturais. Mais, doutro lado, son esas mesmas tecnoloxías as que proporcionan novas oportunidades para moitas comunidades de lingua minoritaria. Nas redes sociais todas as linguas teñen cabida, e cada comunidade de fala virtual debe reaxustarse, aproveitando as oportunidades comerciais, identitarias, educativas, etc. inherentes ás tecnoloxías da comunicación dominantes na época actual.

Por iso, no caso do idioma galego cómpre ter información sincrónica actualizada que permita detectar tendencias e anticipar medidas de futuro que favorezan o dinamismo da lingua galega neste eido. Xa que logo, é preciso afondar nos usos da lingua galega en internet, co obxectivo de establecer un marco de referencia que sexa útil para a elaboración de hipóteses e toma de decisións sobre as prácticas da mocidade galega nas redes sociais.

No PXNLG (2004), as novas tecnoloxías constitúen un dos tres sectores transversais, xunto cos “dereitos lingüísticos” e coa “implementación do corpus”. O documento destaca a relevancia deste sector no futuro da lingua. Así, tal como se recolle no PXNLG (2004: 122) “cómpre apostar forte pola presenza do galego na rede, e non só con contidos e información, que xa é fundamental neste momento, senón tamén con recursos e ferramentas de todo tipo que lles permitan aos nosos cidadáns estar instalados en galego, pero vivindo plenamente na sociedade do século XXI”.

A poboación obxecto de estudo deste traballo é a mocidade galega estudante maior de 16 anos. A mocidade é considerada un grupo social nativo, moi vinculado ás novas tecnoloxías e experto en moitos dos novos xéneros ciberdiscusivos: chat, redes sociais, blogs e outros proxectos colaborativos. Ademais, é un grupo social plenamente capacitado para utilizar o galego, tanto na súa dimensión oral como na escrita; constitúen, en definitiva, o presente e o futuro da lingua.

1. Deseño metodolóxico

O deseño metodolóxico utilizado combinou técnicas cuantitativas e cualitativas. Por unha banda, confeccionouse unha enquisa na que participou unha mostra da poboación obxecto de estudo. O instrumento utilizado foi un cuestionario concibido expresamente para este traballo (anexo). Por outra banda, e como estratexia analítica complementaria coa anterior, organizáronse tres grupos de discusión con mozos e mozas en distintas cidades de Galicia. A continuación detallamos polo miúdo cada unha destas técnicas.

1.1. Enquisa

Mostraxe

Utilizouse unha mostra non probabilística por cotas. Para a construción das cotas usáronse dúas variables: nivel educativo (bacharelato, ciclos e universidade) e hábitat onde está situado o centro (urbano, non urbano). Para efectos prácticos, a selección de informantes segundo o nivel educativo considerouse como tres mostras independentes, para posteriormente ponderar os tres estratos co fin de devolverlle á mostra o peso diferencial que ten na poboación. A táboa 1 recolle a distribución do universo de estudo e a porcentaxe que representa cada unha das cotas establecidas.

A mostra total é de 1209 unidades, cuxa distribución por nivel educativo é a seguinte: bacharelato (n=480), ciclos (n=321) e universidade (n=408). Na táboa 2, descríbese a distribución da mostra segundo o nivel educativo nas cotas establecidas.

Táboa 1. Porcentaxe da poboación segundo as cotas establecidas

	Urbano	Non urbano
Bacharelato	13,1%	13,1%
Ciclos	13,7%	7,5%
Universidade	52,7%	-

Táboa 2. *Distribución da mostra en cada cota*

	Urbano	Non urbano	TOTAL
Bacharelato	241 (19,9%)	239 (19,8%)	480 (39,7%)
Ciclos	237 (19,6%)	84 (7%)	321 (26,7%)
Universidade	408 (33,8%)	-	
TOTAL	886 (73,3%)	323 (26,7%)	1209

Por mor do desaxuste na representación dos grupos educativos da mostra con respecto á poboación, foi preciso ponderalos para devolverlles o peso respectivo que teñen na poboación. A ponderación xustifícase por realizárense as análises estatísticas das tres mostras de xeito conxunto. Os factores de expansión da mostra obtéñense para cada unha das dez cotas a partir da división entre a porcentaxe que cada cota representa nos datos poboacionais (táboa 1) e a porcentaxe que esa mesma cota representa na mostra efectiva (táboa 2). Na táboa 3, preséntanse os tamaños e as porcentaxes de cada cota unha vez aplicados os factores de ponderación. Como se ve, o axuste con respecto aos datos da táboa 1 é practicamente perfecto; as desviacións non supoñen unha alteración significativa entre poboación e mostra final.

Táboa 3. *Mostra final despois da ponderación*

	Urbano	Non urbano
Bacharelato	158 (13,1%)	159 (13,2%)
Ciclos	165 (13,6%)	90 (7,4%)
Universidade	637 (52,7%)	

A mostra distribuíuse convencionalmente en 18 puntos mostrais. Os concellos foron seleccionados mediante un método de elección razoada, en virtude da representatividade que se lles atribúe respecto a cada hábitat no conxunto de Galicia. Dentro de cada concello, os centros seleccionáronse ao azar, sempre e cando houbo varias opcións que cumprisen cos requisitos do deseño. No caso da mocidade universitaria, tivéronse en conta os 7 campus (táboa 4).


O cuestionario foi autoadministrado nos centros educativos. No caso de bacharelato e ciclos, contou-se coa estreita colaboración dos equipos de dinamización lingüística de cada un dos centros de ensino seleccionados (táboa 5).

Táboa 4. *Universidade. Distribución da mostra*

Universidade	Campus
Universidade da Coruña (120)	A Coruña (103) Ferrol (17)
Universidade de Santiago de Compostela (162)	Santiago de Compostela (129) Lugo (33)
Universidade de Vigo (126)	Vigo (77) Ourense (27) Pontevedra (22)

A mostra finalmente utilizada defínese polos trazos sociolóxicos que se recollen na figura 1. Polo que respecta ás variables sociolingüísticas, obsérvase que o castelán é a lingua predominante, tanto se temos en conta a lingua materna como a lingua habitual. A diferenza entre estas dúas variables permite concluír que moitos bilingües iniciais se converteron co tempo en usuarios preferentes do castelán. Isto explica

Figura 1. *Caracterización sociolóxica da mostra*



o aumento do 41,7% (castelán como lingua materna) ao 54,3% (castelán como lingua habitual).

Táboa 5. *Centros de bacharelato e ciclos seleccionados*

Nome do centro	Concello	Tipo de ensino
IES Eusebio da Guarda	A Coruña	Bacharelato
Liceo La Paz	A Coruña	Ciclos formativos
IES Saturnino Montojo	Ferrol	Bacharelato
CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Ferrol	Ciclos formativos
IES Eduardo Pondal	Santiago de Compostela	Bacharelato
IES Lamas de Abade	Santiago de Compostela	Ciclos formativos
IES Monte Neme	Carballo	Bacharelato
CPR San José	Pontedeume	Ciclos formativos
IES Fontexería	Muros	Bacharelato
IES Muralla Romana	Lugo	Ciclos formativos
IES Leiras Pulpeiro	Lugo	Bacharelato
IES Fontem Albei	A Fonsagrada	Bacharelato
IES Francisco Daviña Rei	Monforte	Bacharelato
CIFP Porta da Auga	Ribadeo	Ciclos formativos
CIFP A Farixa	Ourense	Ciclos formativos
IES Otero Pedrayo	Ourense	Bacharelato
IES Chamoso Lamas	O Carballiño	Bacharelato
IES Xesús Taboada Chivite	Verín	Bacharelato
IES Frei Martín Sarmiento	Pontevedra	Ciclos formativos
CPR Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Bacharelato
CPR Rosalía de Castro	Vigo	Bacharelato
IES A Guía	Vigo	Bacharelato
IES Ricardo Mella	Vigo	Ciclos formativos
IES Ramón María Aller Ulloa	Lalín	Bacharelato
IES A Paralaia	Moaña	Bacharelato
IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	Ciclos formativos

1.2 Grupos de discusión

Nos grupos de discusión participaron un total de 21 estudantes universitarios, 10 mozos e 11 mozas. Dous dos grupos estiveron formados por unha mestura de falantes de galego e de castelán (A Coruña e Vigo), mentres que a lingua habitual de todos os compoñentes do terceiro grupo (Santiago de Compostela) foi o galego. Procurouse seleccionar estudantes universitarios de diferentes áreas. A diversidade dos estudos representados foron: Administración e Dirección de Empresas, Tradución e Interpretación, Ciencias Económicas, Relacións Laborais, Enxeñaría de Camións, Dereito, Económicas, Comunicación Audiovisual, Xornalismo, Educación Infantil, Ciencias Políticas e Farmacia.

1.3 Ficha técnica


Metodoloxía	- Enquisa - Grupos de discusión
Deseño mostral	Universo: mocidade galega estudiante maior de 16 anos
Ámbito xeográfico	Galicia
Mostra	1209 unidades, erro global máximo ± 3%
Tipo de mostraxe	Non probabilística por cotas
Traballo de campo	Febreiro-marzo 2012

2. Internet. Caracterización xeral

2.1. Frecuencia de uso e experiencia temporal na rede


Practicamente todos os mozos e as mozas galegas utilizan a diario internet. O 86% pasa máis dunha hora ao día conectado e o 52% máis de tres horas. A porcentaxe de usuarios intensivos, é dicir, aqueles que pasan máis de cinco horas ao día conectados, supera a dos usuarios esporádicos, que o fan unha hora ao día ou menos (gráfico 1).

Gráfico 1. Frecuencia de uso de internet (Base=1206)



Internet é un medio consolidado entre a mocidade galega. Como se ve no gráfico 2, oito de cada dez persoas deste grupo social utiliza internet dende hai máis de catro anos.

Gráfico 2. Antigüidade de uso de internet (Base=1200)



O acceso a internet é unha práctica cotiá entre a mocidade

"(...) yo estoy todo el día conectada"

"Si, todo, todo vai por internet"

A frecuencia está determinada pola experiencia, de tal xeito que os mozos e as mozas que levan máis tempo utilizando internet son os que fan un uso máis intensivo (gráfico 3).

Gráfico 3. *Frecuencia de uso de internet segundo antigüidade de uso (Base=1197)*






Gráfico 4. *Frecuencia de uso de internet por idade (Base=1197)*




Malia ser unha práctica moi xeneralizada, hai perfís relacionados co número de horas de uso de internet. Estes perfís veñen determinados, ademais de pola antigüidade, pola idade, o nivel educativo e o hábitat. Así, o tempo que os estudantes pasan conectados tende a aumentar coa **idade**, aínda que se aprecia unha baixada a partir dos 23 anos. Os mozos e as mozas que teñen 22 ou 23 anos son os que fan un uso máis intensivo, cun 62% que utiliza internet máis de tres horas ao día. Esta porcentaxe diminúe nos outros grupos etarios, particularmente nos máis novos (gráfico 4).

Tamén o **nivel educativo** introduce diferenzas, tal e como se aprecia no gráfico 5. Sete de cada dez universitarios utiliza internet máis de tres horas diarias, mentres que entre os estudantes de ciclos a proporción baixa a catro de cada dez e no bacharelato a tres de cada dez.

Gráfico 5. Frecuencia de uso de internet por nivel educativo (Base=1206)



Atendendo ao **hábitat de residencia** (gráfico 6), a frecuencia de uso de internet aumenta nos concellos con máis poboación. A porcentaxe dos que se conectan máis de tres horas ao día nos concellos de menos de 10.000 habitantes é do 44%, nos de 10.000 a 50.000 do 51% e nos de máis de 50.000 do 57%.

Gráfico 6. Frecuencia de uso de internet por hábitat (Base=1204)

A mobilidade é unha característica fundamental do acceso a internet na actualidade. Os teléfonos intelixentes facilitan esa mobilidade e están incrementando sensiblemente a súa importancia como dispositivos de conexión á rede.

“(…) Es que siempre estás conectado, con los móviles ahora ya da igual, tienes el 3G puesto y te llega todo (…)”

“Hoy con un móvil lo puedes hacer todo”


“Eu teño un Ipod e wifi, agora hai internet por todos lados “

“Incluso gratuitamente, te conectas al wifi y fuera”

2.2. Dispositivo utilizado para acceder á rede

A mobilidade é a característica fundamental da conexión a internet. Sete de cada dez entrevistados utiliza sempre ou case sempre o ordenador portátil como dispositivo de conexión a internet. O segundo dispositivo utilizado é o teléfono móbil, ao que recorre un 47% dos mozos e das mozas. A utilización do ordenador de sobremesa para conectarse a internet baixa ata o 37% (gráfico 7).

Na táboa 6 móstrase a concorrencia dos diferentes dispositivos. O 83% dos que utilizan o teléfono móbil, o 74% dos que utilizan o ordenador de sobremesa e o 91% dos que utilizan outros dispositivos portátiles utilizan nalgunha ocasión tamén o ordenador portátil para conectarse. A concorrencia dos dispositivos tamén é elevada co teléfono móbil. O 66% dos que utilizan o ordenador portátil para conectarse, o 64% dos que utilizan o ordenador de sobremesa e o 78% dos que utilizan outros dispositivos portátiles tamén utilizan o teléfono móbil para acceder a internet nalgunha ocasión.


Gráfico 7. Dispositivo utilizado para acceder a internet**Táboa 6.** Concorrenza de dispositivos utilizados para acceder a internet (ler en columnas)

	DISPOSITIVO UTILIZADO PARA ACCEDER A INTERNET			
	Portátil (989)	Teléfono móbil (787)	Ordenador sobremesa (662)	Outros dispositivos portátiles (199)
Portátil		83%	74%	91%
Teléfono móbil	66%		64%	78%
Ordenador sobremesa	49%	54%		51%
Outros dispositivos portátiles	18%	20%	15%	

2.3. Percepcións

Un dos aspectos que hai que ter en conta sobre as redes é a percepción que a mocidade ten sobre o significado das súas prácticas en internet. Para a maioría dos mozos e das mozas internet é unha fonte de información (85%). Unha parte relevante, ademais, considera que internet é un medio de acceso gratuíto a películas e música (55%) e para un 42% internet é imprescindible na súa vida. Como percepcións moi residuais aparecen a asociación de internet cun perigo, cun mecanismo de reforzo identitario ou con algo prescindible (gráfico 8).

Gráfico 8. *Que significa internet para ti?*



un medio imprescindible

un medio do que dependo para relacionarme
 un lugar onde sempre atopo o que quero
 prescindible
 acceso gratuíto a películas e música
 un perigo
 un reforzo da miña identidade
 fonte de información

Nalgúns casos, estas percepcións varían segundo o perfil da mocidade. Por exemplo, entre os que fan un uso máis intensivo da rede, redúcese lixeiramente a percepción de internet como unha fonte de información e aumenta a de que internet é imprescindible. A mesma relación lineal presenta o cruzamento pola antigüidade de uso. Agás o estudantado que leva menos dun ano en internet, no resto das opcións a percepción de que internet é imprescindible aumenta cos anos de experiencia na rede. Por outra banda, a percepción de que internet é imprescindible é maior entre os estudantes universitarios e entre os que residen nalgún dos concellos de máis de 50.000 habitantes. Pola contra, é o estudantado de bacharelato o que percibe internet como un espazo para acceder gratuitamente a películas e música e tamén o que concibe internet como un medio onde sempre atopa o que quere.

2.4. Prácticas

Se hai unha práctica hexemónica é a páxina de inicio a internet. Nove de cada dez mozos e mozas galegos recorre a Google para acceder á rede. Só un 9% accede a internet usando outras páxinas de inicio (gráfico 9). Con todo, unha vez conectado, a práctica habitual é a multitarefa, con diversas aplicacións simultaneamente operativas.

Coa finalidade de afondar nos usos da rede, abordouse a frecuencia da súa utilización para a realización de prácticas concretas: cando estás conectado/a, con que frecuencia utilizas a rede para realizar as seguintes actividades? (gráfico 10). Tendo en conta a frecuencia das distintas prácticas, establécense tres grupos: prácticas que se realizan


"(...) é unha ferramenta fundamental non solo xa para informarse, tamén para socializarse con outras personas (...)"

"(...) eu creo que non podería vivir sen el, sinceramente."

"Sí, sí... yo no podría vivir sin internet, se cae internet y es como apocalipsis y catástrofe..."

"De páxina de inicio teño Google pero... como páxina de inicio, despois abro o Twitter, Facebook e Tuenti, directamente."

Gráfico 9. Páxina de inicio no acceso a internet (Base=1209)



intensivamente (realízaas 'bastantes veces' ou 'sempre' que se conecta á rede máis do 60% da mostra), prácticas habituais (entre o 50 e o 60% das persoas entrevistadas realízaas 'bastantes veces' ou 'sempre') e un último grupo de prácticas menos habituais e/ou esporádicas (menos do 50% da mostra realízaas 'bastantes veces' ou 'sempre' que se conecta á rede). Na figura 2 ofrécese a representación gráfica das prácticas en internet.

No primeiro grupo, inclúense prácticas de relación, información e ocio: uso de redes sociais (84%), o uso da rede para a procura de información (77%), a utilización de internet para chatear (67%) e para escoitar música en liña (65%). No segundo grupo, o envío e a recepción de mensaxes electrónicas (58%), ver vídeos en liña (56%) e descargar música e películas (53%). No terceiro, estudar (44%), ler xornais (39%), xogar (21%), ver a televisión (13%), visitar webs eróticas (12%) e comprar (5%).

Gráfico 10. *Frecuencia de uso da rede para prácticas concretas ('bastantes veces' ou 'sempre')*







Figura 2. *Prácticas en internet segundo a frecuencia de uso ('bastantes veces' ou 'sempre')*

Prácticas intensivas


En xeral, as prácticas intensivas vense favorecidas pola frecuencia de acceso a internet e pola antigüidade de uso desta tecnoloxía. Ademais, para cada práctica concreta hai un perfil de usuarios. Sobre o acceso ás redes sociais, a figura 3 mostra como é lixeiramente inferior no caso dos homes e nos maiores de 23 anos.

Figura 3. Utilizo a rede 'bastantes veces' ou 'sempre' que estou conectado/a para acceder a redes sociais

Respecto da utilización da rede para buscar información, esta práctica aumenta de xeito lineal coa idade (figura 4). Tamén é maior no caso da mocidade universitaria.


Figura 4. Utilizo a rede 'bastantes veces' ou 'sempre' que estou conectadola para buscar información

A utilización da rede para chatear é inversamente proporcional á idade, aumentando entre os máis novos (figura 5). O perfil por nivel educativo vai en liña coa idade; así, no bacharelato esta práctica é máis habitual que na universidade.

Figura 5. *Utilizo a rede 'bastantes veces' ou 'sempre' que estou conectadola para chatear*

En relación coa utilización da rede para escoitar música, na figura 6 apréciase como é unha práctica máis habitual entre as mulleres e entre as persoas máis novas. Por nivel educativo, entre a mocidade de bacharelato alcanza a porcentaxe máis alta, 76%. Por último, existe un aumento segundo o número de habitantes da localidade de residencia.

Figura 6. Utilizo a rede 'bastantes veces' ou 'sempre' que estou conectadola para escoitar música



"Se tes Tuenti, Facebook e Twitter e danche algo que é igual, é que xa dis: É que non dou abasto con máis, sabes? Teño tres páxinas abertas todos os días."

"No Tuenti (...) eu si que entro todos los días, cada cinco minutos estou conectada co móbil. O Facebook xa non tanto, e no Twitter estou empezando e indo pouco a pouco. Pero sempre empezo pouco a pouco e cando me engancho xa... todo o día."

A mocidade atopa nas redes sociais resposta a moitas das súas necesidades.

"(...) redes sociales todo el día, en el móvil en el ordenador de casa..."

"(...) a parte dunha ferramenta para traballar ou para estudar, xeralmente como medio de comunicación é esencial, a día de hoxe non se pode prescindir das redes sociais."


"Cuando tienes que hacer algún trabajo lo primero que haces es un evento en Tuenti"

"Promueve muchísima, muchísima información que de otra forma no consigues; la gente se informa, comparte información, te culturizas, aprendes sobre temas, sobre lo que pasa aquí, lo que pasa allá... no sé... en ese sentido está muy bien (...)"

3. Redes sociais

No que respecta ás redes sociais, diferénciase entre *redes sociais puras* (Tuenti, Facebook, Twitter, Cabozo ou Latri.ca) e outros *recursos de comunicación e acceso a información utilizados para compartir vídeo, fotografía, música, información etc.* (Youtube, Messenger, Skype, MySpace, SecondLife, Chuza, Flyckr, blogs etc.). O cuestionario deseñado incluía vinte e dous ítems (anexo), pero só sete achegaron porcentaxes de uso relevantes (gráfico 11). Youtube é o recurso máis utilizado. As súas posibilidades de acceso a contidos audiovisuais converten este recurso no preferido da mocidade galega. En segundo lugar, Tuenti, seguido de Facebook e Twitter. Recursos de mensaxería e comunicación coma Messenger e Skype son menos utilizados e posiblemente baixen nun futuro polo aumento da utilización de aplicacións de mensaxería instantánea través do móbil (WhatsApp, Chat de Blackberry). Este aspecto emerxe con forza no discurso recollido na fase cualitativa da investigación. Ademais, cómpre ter en conta que a comunicación xa é posible mediante os propios chats das redes sociais. Por último, atopamos a utilización dos blogs, recurso que se utiliza de xeito menos intensivo que o resto dos analizados. As redes propiamente galegas, Cabozo ou Latri.ca, apenas son coñecidas e usadas.

Gráfico 11. Recursos máis utilizados ('sempre' ou 'case sempre')



Na táboa 7 móstrase a concorrência dos diferentes recursos. Como se ve, os máis utilizados (Youtube e Tuenti) son os que mostran unha maior concorrência. En todos os casos, máis do 70% dos usuarios de calquera recurso utiliza tamén Youtube ou Tuenti. A concorrência tamén é elevada con Facebook. O 57% dos que utilizan Tuenti tamén utiliza Facebook; esta porcentaxe chega ao 83% entre os que utilizan blogs. En xeral podemos afirmar que nas redes sociais puras (Tuenti, Facebook e Twitter) coincide a maioría dos usuarios. Claramente no caso de Tuenti e Facebook e en menor medida no caso de Twitter, aínda que as porcentaxes de concorrência con esta rede aproxímanse ao 50%.

Táboa 7. Concorrência de redes (datos en porcentaxes)

	REDE SOCIAL UTILIZADA						
	Youtube (977)	Tuenti (893)	Facebook (674)	Twitter (462)	Messenger (236)	Skype (228)	Blogs (192)
Youtube		88	85	88	89	89	87
Tuenti	81		75	85	84	83	87
Facebook	58	57		68	65	69	83
Twitter	42	44	46		37	47	70
Messenger	21	22	23	19		28	56
Skype	21	21	23	23	27		23
Blogs	17	17	20	23	19	25	

"yo no lo uso para cotillear, pero la mayoría de mis amigos sí"

"yo lo tengo privado, yo no quiero que gente que no es mi amiga vea mis fotos, lea mis comentarios ni vea los estados que tengo... eso es opcional."

"(...) agora acábanse os exames, empezas a salir o fin de semana, empezas a quedar e entón utilízalo porque che mandan fotos, porque foche de cena e subíronche fotos; en cambio se estou ocupada, estudiando, non me relaciono con nadie, non o miro"

Ao mesmo tempo é consciente das limitacións e inconvenientes inherentes a certos usos nas redes.

"Eu creo que as redes sociais máis ben á larga é perder o tempo"

"(...) a mí lo que no me gusta tanto es la parte... personal... que todo el mundo pueda mirar lo que haces, lo que es de tu vida, cotillear, después hablar por ahí..."

"(...) houbo unha temporada en que cada día mataban a un famoso, eran noticias de mentira, todo o mundo... o sea, era un trending topic de: morreu tal, morreu..."

Youtube

"Eu, por exemplo, teño visto Youtube en case tódalas páxinas de Facebook, por exemplo, da xente que sube videos de música e cousas así, e de feito se non sales un fin de semana é a maneira máis sinxela que hai de enterarte de cal é o... o que se escoita nese momento (...)"

"Nin música nin nada, si ao mellor cando estou en internet vou a Youtube e miro, pero nunca son de descargar"

Tuenti

"Nosotros aquí en Galicia empezamos todos con Tuenti"

"Eu o que teño é que o Tuenti utilizo máis para amigos, para todo, e o Facebook é como máis serio, como están meus pais (risas)..."

"Tuenti é máis para adolescentes e o Facebook máis para maiores"


"Eu o que vexo é que me conecto ao chat do Facebook e vexo sete personas conectadas e métome no chat do Tuenti e vexo sento quince."

"Eu tiven unha temporada de desactivar o Tuenti. A razón?: a verdade é que non a sei muito, o que pasa que me gusta moito máis e me sigue gustando o formato de

3.1 Perfís dos usuarios das redes sociais


Malia ser un recurso utilizado maioritariamente (superior ao 80%), o perfil de usuario máis favorable a **Youtube** correspóndese cunha persoa nova (menor de 22 anos), estudante de bacharelato, cunha experiencia de uso de internet de catro a seis anos, que pasa máis de tres horas ao día conectada a internet e residente nun concello de máis de 50.000 habitantes (figura 7).

Figura 7. Perfil usuario Youtube



Tuenti é unha rede social cunha tendencia moi marcada cara á un usuario novo, ata 19 anos, estudante de bacharelato, cunha experiencia en internet situada entre os dous e os catro anos e que pasa entre unha e tres horas ao día conectado a internet (figura 8).

Figura 8. Perfil usuario Tuenti



Facebook é a única rede social onde é significativo o cruzamento por xénero. O 61% das mulleres utiliza esta rede social fronte ao 50% dos homes (figura 9). Ao contrario do que sucedía en Tuenti, hai un aumento do uso da rede nos tramos de idade máis elevados, sobre todo entre os de 22 a 23 anos. Por nivel educativo, a porcentaxe de utilización é superior entre os universitarios e moito máis reducida entre os estudantes de bacharelato. Segundo a antigüidade de uso de internet, a utilización de Facebook é maior entre os que teñen unha maior antigüidade, superior aos catro anos. Por último, a utilización de Facebook é maior entre os usuarios intensivos de internet, aqueles que pasan máis de cinco horas ao día conectados.

Facebook pero é un pouco o que dicía el, por petición da xente que che anda seguido encima "Oe, faite o Tuenti" porque todo o mundo ten Tuenti e non todo o mundo ten Facebook acabei reactivoando o Tuenti"

"Eu o Tuenti normalmente solo para traballos ou estilo "hoxe vamos salir ou vamos a ir a tal sitio ou tal", pero... o do Facebook si que o utilizo máis para calquera cousa, pero ademais como teño Twitter, aí é xa máis liberal todo..."

"(...) yo cuando inicio internet tengo el Tuenti abierto para poder comunicarme con cualquiera de mis amigos que estén conectados, el chat del Facebook casi no lo uso, nada, o sea el Facebook solo lo abro para comentar, para publicar notificaciones y cosas de interés."

Facebook

"(...) Hay fotos que subes al Facebook y que no subes al Tuenti..."

"No Tuenti, por exemplo, só teño xente amiga, pero no Facebook teño a tías miñas, primas maiores..." "Ou papis..."

"Es porque como que hay una edad en la que todo el mundo se plantea pasar del Tuenti al Facebook"

"(...) comezamos a entrar nas redes sociais co tema do Tuenti e progresivamente, a medida que fomos madurando e fomos tendo máis amigos, e de feito poidemos viaxar e facer amizades fóra de... entón xa cambiamos."

"(...) ata os dezanove, dezanove anos teñen Tuenti, a partir dos dezanove, dezanove teñen todos Facebook."

"Eu Tuenti non... xa non... antes utilizaba, pero agora só para comunicarme con amigos que non teñen Facebook, solo, pero normalmente utilizo Facebook e Twitter."

"También influye mucho el hecho de irte fuera, eh, porque la gente cuando viaja utiliza más el Facebook para contactar con la gente de fuera que el Tuenti que sólo lo tienen los españoles."


Twitter

"Todo o mundo empeza no Tuenti e termina estando no Facebook e no Twitter, sobre todo no Twitter, porque o Twitter... o sea, non solo somos nós e teñen Twitter."

"Sigues periodistas... puedes seguir de todo."

"Yo creo que es de las mejores, hoy por hoy yo creo que Twitter es de las mejores, no tanto para comunicarte

Figura 9. Perfil usuario Facebook




Twitter é utilizada en maior medida entre os menores de 21 anos. A súa utilización por nivel educativo mostra un perfil máis heteroxéneo que as anteriores; destaca entre os estudantes de bacharelato e tamén entre os universitarios. En canto á antigüidade de uso de internet, é maior entre os que teñen máis de catro anos de experiencia. Entre os que utilizan intensivamente internet tamén aumenta o uso de Twitter (figura 10).

Dende a perspectiva da importancia que está adquirindo a mobilidade e a utilización de dispositivos móbiles para o acceso a internet, Twitter

é a rede social que mellor se adapta á inmediatez e ás posibilidades que ofrecen estes aparatos. Tamén é a rede que máis disparidade de opinións provoca debido ás diferentes utilizacións que o usuario fai desta, ao aproveitar a inmediatez que achega. A posibilidade da integración con Facebook na actualización do “estado” é unha vantaxe desta rede para o usuario que ten perfil nas dúas.

Figura 10. Perfil usuario Twitter



con gente, como para saber lo que pasa fuera.”

“Y además ahora con el boom de Twitter la gente está con Twitter...”

“Yo aún no le cogí el truco.”

“É que mola, a ti porque non che gusta pero eu estou vendo unha serie na miña casa e estoua vendo con todo o pobo, sabes? (...) porque todo o mundo está decindo, “Acaban de decir tal” e ti comentas “Si escoiteino tal” A min eso gústame, gústame estar vendo a peli cos amigos.”

“Pero antes Twitter era más informativo, más de grandes noticias y ahora te encuentras con cada tontería allí que...”

“Por lo general, yo cuando entro y miro los perfiles pone: que día más aburrido, acabo de llegar de comer, no sé qué...”


“(...) a mi lo del Twitter me parece demasiado extremo, porque al final acabas hablando con gente que no conoces de nada (...)”

“O Twitter está con Facebook, ti podes poñelo que se unan, non sei como é e todos os estados que pos en Twitter, o sea todo o que dis en Twitter vai ser o teu estado no Facebook, seguido, pun, pun, pun...”

“Una pesadilla por cierto...”

3.2 Redes sociais en galego

Como xa se sinalou, o uso das redes sociais galegas é moi escaso. O 99,6% da mocidade non utiliza Latri.ca, o 98,8% non utiliza Cabozo e o 97,7 nunca utiliza Chuza.




"É que eu nin o sabía que había redes sociales en galego."

"Eu si que o sabía pero como non está nadie, non hai xente coñecida pois..."

"Eu teño un perfil en Cabozo, pero fíxeno e nin cheguei entrar porque non a coñecía nadie."

"É que eu creo que é un inconveniente moi grande, porque no fondo o mesmo pasou entre o Tuenti e o Facebook, o Tuenti é español, o Facebook non, queiras que non está limitado e se hai máis xente que fai Facebook por ese motivo, porque non está limitado a España, imaginémonos algo galego, xa está moito máis limitado."

Detéctanse varias razóns que explican o escaso uso destas redes. O principal é o descoñecemento, pero tamén hai que ter en conta a percepción de utilidade que a mocidade ten das redes sociais. Se a rede se asocia só a modos de comunicación global, as dificultades para o desenvolvemento dunha rede en lingua minoritaria son moitas.



Agora ben, o futuro destas redes pasa por conseguir convertelas en redes sociais densas, é dicir, que sexan utilizadas por persoas próximas e coñecidas. Deste xeito, poden mellorar a súa expansión social, ligándoas a cuestións identitarias e á comunicación local e potenciando

a visibilidade da propia lingua galega na rede. Ademais, é preciso que se avance en termos de integración entre redes, para facilitar o uso simultáneo de varias sen aumentar moito o esforzo dunha comunicación virtual xa de por si multimodal.



"Se se dera a coñecer e a xente se empezara a agregar pois si podería tela perfectamente porque a maioría son galegos, non deixaría o Facebook, ou sea, deixaría o outro pero é que non sabía que existía."

"Tería incluso o seu... de coñecer xente máis cercana, máis de poñerse en contacto ou de encontrar xente, pero é que non se coñece, eu ata agora non sabía que existía..."

"Que se podan solapar con outras redes sociais, que non implique todo o traballo de poñerte a subir máis fotos..."


"A mi ya me llega de redes sociales, yo no quiero más eh."

"É que o Facebook é para todo o mundo, entón o teño en castelán, todo o que falo e o que poño é en castelán porque a ver, o galego non está tan estendido, non está tan xeneralizado, non? Pero o Tuenti si, eu no Tuenti teño a moitísima xente que teno en galego e que fala en galego no Tuenti."

4. Lingua e redes sociais

Nesta sección seleccionáronse os usuarios das distintas redes sociais para coñecer en que lingua se expresan nelas. Como mostra o gráfico 12, a mocidade utiliza maioritariamente o castelán como lingua habitual en todas as redes sociais. Só no caso de Tuenti a porcentaxe de persoas que utilizan o galego supera o 25%, e situáse nunha porcentaxe semellante á da lingua habitual (véxase figura 1 máis arriba). Isto pode deberse a que Tuenti constitúe unha rede social densa e de proximidade, cunha franxa de idade moi segmentada (menores de 25 anos). Nesta rede social é frecuente que os agregados se coñezan persoalmente, compartan hábitos cotiáns (lecer, estudos, deporte etc.) fóra da rede e vivan nun espazo xeográfico próximo. Isto favorece que o galego se visibilice máis que nas outras redes, máis difusas e de maior alcance xeográfico.


Gráfico 12. *Lingua utilizada nas redes sociais*



Entre os galegofalantes, a rede constitúe un dominio de muda das prácticas lingüísticas (figura 11). Se observamos o que acontece nas tres redes sociais de referencia, Twitter, Facebook e Tuenti, entre os galegofalantes o uso exclusivo do galego só supera o 50% nesta última, cunha redución sensible nas outras dúas. Isto é coherente co que se


acaba de sinalar na caracterización de Tuenti como rede na que se entra en contacto con persoas novas, de idade semellante. Algo que non acontece nin en Facebook nin en Twitter.

Figura 11. Comportamento do galegofalante nas redes sociais



Pola contra, entre os castelanfalantes as mudas son moito máis reducidas (figura 12). De feito, só en Tuenti teñen algo de relevancia. Obsérvase que un 15% dos que falan habitualmente castelán utiliza o galego nesta rede social. Isto confirma a hipótese de que Tuenti mobiliza máis galego que Facebook e Twitter.

Figura 12. Comportamento do castelanfalante nas redes sociais



A mocidade percibe coherencia entre os seus comportamentos e actitudes na “vida real” e nas redes sociais. A presenza do galego nas redes sociais é consecuencia do seu uso noutros ámbitos cotiáns.


“Yo creo que si cada vez hay menos gente que lo habla en la calle va a haber cada vez menos gente que lo hable en las redes sociales.”

“Depende da xente, institucionalmente tampouco se pode facer moito máis, as opcións xa chas dan.”

“Eu son moi partidario da acción humana, eu penso que se a xente o fala, e o quere falar nas redes sociais, de forma natural debe darse, sen ningún tipo de incentivo.”

O uso do galego nas tres redes sociais aumenta sensiblemente nas vilas pequenas e no rural. No caso concreto de Tuenti, as porcentaxes superan sempre o 20% e nos municipios de menos de 10.000 habitantes acada o 43% (gráfico 13a). Tamén é moi superior o uso deste idioma entre a xente que se identifica como galega, con Tuenti novamente ocupando un lugar destacado. Entre os que se senten españois é moi residual o uso do galego, mentres que entre os que se senten tanto galego como españois, o uso do galego ocupa unha posición intermedia (gráfico 13b). Finalmente, tendo en conta a ideoloxía política, o galego utilízao máis a xente que se autoidentifica como de esquerdas, seguido dos de centro e en último lugar pola mocidade que se sitúa na dereita. En todos os casos, se percibe a tendencia que vimos anteriormente: o uso do galego aumenta de Twitter a Facebook e desta a Tuenti (gráfico 13c).


Gráficos 13 a,b,c. *Utilización do galego nas redes sociais por hábitat (a), identidade (b) e ideoloxía política (c)*



4.1. Localización de software

Un aspecto que cómpre ter en conta na planificación da política lingüística é a interface das aplicacións e o modelo de lingua usado nos menús e cadros de diálogo cos que interactúa o usuario. No gráfico 14 recóllese a demanda da lingua galega en diferentes aplicacións. O gráfico ofrece varias lecturas. Dun lado, a maioría da mocidade non utilizaría o galego na interface das aplicacións coas que interactúa. Doutro lado, en todas elas a demanda de galego nas estratexias de localización de software supera amplamente o seu uso nesas mesmas redes sociais para as que se solicita máis galego. Dito con outras palabras, hai unha porcentaxe da mocidade que non utiliza o galego en internet e, non obstante, está disposta a utilizar esta lingua nas interfaces das aplicacións.

Gráfico 14. *Lingua da interface*



4.2. Estabilidade e mudas nas prácticas lingüísticas na rede

A miúdo, en situacións sociolingüísticas de contacto de linguas, os falantes competentes nas linguas estruturalmente presentes mudan a súa práctica habitual, con frecuencia como un mecanismo de acomodación interactivo, tal como se sinalou anteriormente (cfr. figuras 12 e 13). Estas mudas teñen causas moi diversas, algunhas máis conscientes para os falantes e outras menos. Tan relevante como as causas son as consecuencias, na medida en que estas mudas son un bo indicador da vitalidade dun idioma.

Novamente, é Tuenti a rede social máis afín á presenza do galego. Hai que ter conta que os usuarios xa poden localizar software en galego, mais non en todas as redes sociais esta opción está dispoñible. No caso de Tuenti, un 41% dos mozos e das mozas xa o teñen en galego. En Facebook baixa ata o 21%. En contrapartida, hai un 40% que demanda a posibilidade de que Twitter incorpore o galego entre as linguas da interface.

"Cuando anunciaron que ya tenías el Tuenti en gallego mis compañeras de piso y yo, bueno ellas me dijeron "pues lo voy a poner, tú no lo pongas que como no sabes hablar gallego..." Se rieron de mi y dije "también es mi tierra bonita, ¿no?, pues voy a ponerlo en gallego."

"O Tuenti si porque está mellor traducido."

Entre as razóns que explican a non localización do software aínda que exista a demanda, a máis relevante ten que ver coa variedade de galego elixida dispoñible nas interfaces, non sempre aceptada por parte da mocidade.

"Eu o móbil o teño en castelán e o quero poñer en galego e de feito este o ten pero é malísimo (...)"

"Nas redes sociais estase empezando a usar o galego e así, pero moitas veces é máis difícil, eu que falo habitualmente galego, é máis difícil comprender moitas cousas que están en galego que as que están en castellano. Por exemplo, no Tuenti e así hai palabras que eu na miña vida escoitei e que están postas aí, i é por eso que eu creo que moita xente ponas en castellano... simplemente por non ter que pasar traballos, total da igual. Non?"

Para dar conta deste, o cuestionario utilizado recolle unha serie de ítems sobre prácticas lingüísticas da mocidade internauta. O modelo distingue dous trazos: a) [práctica ± inducida] e b) [práctica ± formal]. Con respecto ao primeiro, cómpre diferenciar entre prácticas que son consecuencia dun acto expresivo espontáneo e prácticas que son inducidas por un acto expresivo previo. Sen dúbida, a inmensa maioría dos actos expresivos é consecuencia dunha interacción na que o contexto previo (temática, participantes, lugar, tempo, inferencias presuposicións etc.) orienta e, en moitos casos determina, a vez de intervención de cada un dos interlocutores. Dende esa perspectiva, todo acto expresivo é un acto inducido (está influído) polo contexto. Agora ben, en situacións sociolingüísticas como a que se dá en Galicia, é razoable pensar que a maioría dos falantes ten unha lingua de preferencia, aquela utilizada na maioría das interaccións espontáneas e que se adoita categorizar como 'lingua habitual'. A isto é ao que se fai referencia aquí como 'práctica expresiva menos inducida', da que o cuestionario utilizado recolle diversos exemplos. Fronte a isto, quíxose indagar en usos máis explicitamente recoñecidos como inducidos, entendidos como aquelas prácticas que se activan a partir dunha mediación explícita. Poden coincidir coa 'lingua habitual', mais tamén esa mediación pode activar unha práctica disonante coas prácticas espontáneas. A medición das prácticas inducidas creouse a partir doutros ítems incluídos no cuestionario.

O segundo trazo que incorpora o modelo ten que ver coa formalidade da práctica, distinguindo entre prácticas formais e prácticas informais. Asíumese que no ámbito educativo, todas as prácticas medidas son formais (tomar apuntamentos, facer exames, redactar un traballo). No ámbito das novas tecnoloxías, establécese un contínuum que vai dende a formalidade que representa unha mensaxe electrónica ou a participación nun blog ao uso do chat ou ás aplicacións de mensaxería instantánea.

O modelo global aparece representado na táboa 8, cos dous trazos sinalados e os respectivos indicadores utilizados na súa medición. Obsérvase que os usos espontáneos están todos relacionados con prácticas de escritura, mentres que entre os inducidos hainos orais e escritos.

Táboa 8. Modelo analítico da estabilidade e muda no comportamento lingüístico

		PRÁCTICA INDUCIDA			
		+		-	
PRÁCTICA FORMAL	+	-Facer exames segundo a lingua do profesor -Tomar apuntamentos segundo a lingua do profesor	-Contestar unha mensaxe electrónica -Opinar nun blog	-Redactar traballo de clase -Facer un exame -Tomar apuntamentos	-Escribir unha mensaxe electrónica -Opinar nun blog
	-	-Responder nun chat -Contestar sms -Interactuar nas redes sociais segundo o perfil do interlocutor	-Usos orais	-Chatear -Escribir un sms	-Escribir unha nota -Lingua habitual

Cómpre aumentar a presenza da lingua na rede, facilitando a posibilidade de localizar en galego o software que a mocidade utiliza. Neste sentido cómpre, alí onde existe a posibilidade, revisar a lingua dispoñible e facilitar a posibilidade de elección naquelas aplicacións e utilidades nas que o galego non existe, coma no caso de Twitter.

"Twitter casi ni lo tradujeron, lo tradujeron hace poquísimo al castellano, antes era followers, follow y ya está."

"Eu teño un amigho que en "buscando" poñía "chica para rollo" e ao poñelo en galego cambiou a "moza para apaño." (risas)


"Eso de poñer o estilo "solteiro, casado... ["Casamenteiro"] Si "casamenteiro"(risas)

"(...) eu creo que xa está bastante potenciado o galego, creo que as posibilidades xa chas dan para que poñas todo o Tuenti en galego, para que fales en galego..."

Prácticas inducidas

O uso das linguas en prácticas inducidas aparece recollido nos dous gráficos seguintes. No gráfico 15, a lingua de indución é o galego. Mide, polo tanto, a influencia que esta lingua ten na resposta oral e escrita da mocidade. O galego actúa como estímulo e o gráfico recolle as reaccións a tal estímulo en distintos ámbitos. O gráfico 16 fai o mesmo pero dende o castelán, que se converte en lingua de estímulo.

Gráfico 15. Comportamento lingüístico en prácticas inducidas (lingua de indución: galego)



En relación co aumento da presenza do galego na rede, apúntanse outras posibilidades: referentes xuvenís con perfís e prácticas nas redes sociais en galego, presenza de publicidade en galego dirixida á xuventude nas redes sociais ou aplicacións lúdicas desenvolvidas en galego e integradas nas redes sociais (xogos).


"O primeiro é que tiñan que poñelo ben, penso que está moi mal e que deberían poñelo en galego normativo."

"Eso si, eso si que potenciaría falar galego nas redes sociales, que xente famosa falara en galego."

"Eu o que vexo é que Tuenti e Facebook teñen publicidade e esa publicidade si que por exemplo podería estar en galego."

"Un juego adictivo en Facebook."

Gráfico 16. Comportamento lingüístico en prácticas inducidas (lingua de indución: castelán)



[+ Práctica inducida, + práctica formal]

Como se ve, contrástanse dous ámbitos diferentes: o educativo e as novas tecnoloxías. En xeral, o comportamento máis frecuente neste tipo de prácticas é a adaptación á lingua do interlocutor. A maioría dos falantes toma a lingua dominante na situación como a lingua da situación. Así, no ámbito educativo, se o profesor se expresa en galego, o 71% da mocidade usa o galego nos exames e un 79% toma os apuntamentos da clase en galego. Se é o castelán a lingua do profesorado, esas porcentaxes elévanse ata o 85% e o 87%, respectivamente. No ámbito das novas tecnoloxías acontece o mesmo, aínda que con acomodacións máis matizadas. A utilización do castelán, cando esta é a lingua de indución, segue a ser maior que a do galego en todas as prácticas. Con todo, a visibilidade do galego é moi relevante, case triplicando a súa presenza con respecto á porcentaxe de persoas que teñen o galego como lingua habitual. Lembremos que entre a mocidade esa porcentaxe é do 26%, fronte ao 54% que fala habitualmente castelán (e o 20% que se define como bilingüe activo). Isto interprétase na dirección de que moitos castelanfalantes utilizan o galego neste tipo de prácticas se o interlocutor se expresa nesta última lingua (e tamén ao revés).

[+ Práctica inducida, - práctica formal]

Neste conxunto de prácticas tamén predomina a adaptación á lingua do interlocutor. Hai pequenos matices con respecto ás prácticas formais, cunha lixeira redución da adaptación. Como exemplo prototípico deste tipo de prácticas temos a elección lingüística determinada pola lingua oral do interlocutor. Nese caso, o 68% contesta en galego cando lle falan nesa lingua e o 76% faino en castelán se este é o idioma de inicio da conversa.

No ámbito das novas tecnoloxías, un 68% participa en galego nun chat no que predomina esta lingua. Non obstante, cando o chat está maioritariamente en castelán, este idioma é o elixido polo 79% dos participantes, independentemente de cal sexa a súa lingua habitual. No caso das redes sociais, os usos de galego e castelán diminúen, particularmente o primeiro. Trátase de situacións nas que a lingua do interlocutor (neste caso o seu perfil nas redes) non mobiliza coa mesma intensidade a muda. Téñase en conta que o perfil é un elemento máis periférico, ligado á cuestións identitarias pero menos mobilizador cara á muda. Con todo, como se ve, o 48% das persoas usa o galego escrito cando interacciona con alguén que ten o seu perfil en galego.

Outra posibilidade de promoción e aumento da visibilidade do galego consiste en aproveitar as potencialidades das redes sociais como fonte de recursos e integrar nelas aplicacións ou ligazóns a recursos en galego que sexan útiles para a mocidade. Un exemplo é o acceso a fondos bibliográficos ou audiovisuais.

"Yo creo que deberían hacer una aplicación así que sea ultrameganovedosa que se integra Facebook que sea la leche y que te obligue a usar el gallego."

Prácticas non inducidas


Distínguense tamén dous ámbitos: educativo, novas tecnoloxías (gráfico 17). O castelán é a lingua predominante en todas as prácticas de escritura espontáneas. Naquelas relacionadas coa actividade educativa, hai tamén unha salientable porcentaxe de persoas que utiliza as dúas linguas, superando nos tres ítems medidos o 30% (apuntamentos, traballo clase, exame). Porén, cando se trata de actividades relacionadas coas novas tecnoloxías, o uso do castelán é máis nido con respecto ás outras dúas alternativas (galego, as dúas).

[- Práctica inducida, + práctica formal]

Como norma xeral, nas prácticas non inducidas o uso aproxímase moito á lingua habitual. Xa que logo, son prácticas nas que a visibilidade do galego diminúe notablemente con respecto ás anteriores, mesmo en interaccións con maior formalidade. No ámbito educativo, estas prácticas favorecen o bilingüismo, mentres que no ámbito das novas tecnoloxías é o castelán o que sae potenciado.

[- Práctica inducida, - práctica formal]

Cando son menos formais, é cando as prácticas son máis coherentes coa lingua habitual. Así, o uso do galego está arredor do 25% e aproxímase ao 60%.

Gráfico 17. *Comportamento lingüístico en prácticas non inducidas*

Constátanse perfís entre os usuarios dunha ou doutra lingua (táboas 9, 10, 11 e 12). Dependendo das prácticas, as variables estratificadoras poden ser o xénero, a idade (nas relacionadas co ensino), o hábitat, o nivel educativo, a ideoloxía política, a identidade e a lingua habitual.

Por exemplo, nas prácticas + inducidas e + formais (táboa 9), se se recibe unha mensaxe electrónica en galego, o perfil dos que responden maiormente nesta lingua é o seguinte: estudantes de bacharelato que viven en concellos de ata 10.000 habitantes, que se identifican como galegos e cuxa ideoloxía política é de esquerdas. Pola súa parte, entre os que contestan en castelán mensaxes electrónicas cando a lingua de indución é o galego, fano maioritariamente persoas que viven en concellos de máis de 50.000 habitantes e de ideoloxía política de dereitas. Neste caso, non se aprecian diferenzas polo resto das variables sociolóxicas.

Por xénero. Naqueles casos onde o xénero é unha variable explicativa significativa, as mulleres utilizan máis o galego nas prácticas menos inducidas e son elas as que tamén mudan a lingua para adaptarse á do interlocutor tal e como se aprecia no cuadrante + inducido/+formal.

Por idade. En todos os casos onde a idade é significativa inflúe no mesmo sentido, os máis novos (16-17 anos) son os que utilizan máis o galego mentres que os de máis idade utilizan preferentemente o castelán.

Por nivel de estudos. Os estudantes de bacharelato utilizan máis o galego nos catro cuadrantes. Hai que destacar que o nivel de estudos é significativo nas prácticas inducidas só cando a indución favorece o galego. Neste caso as diferenzas respecto dos estudantes de bacharelato son moi salientables. Porén, nos usos relacionados coas novas tecnoloxías, as diferenzas redúcense moito. A escola convértese nun dominio que favorece unha maior visibilidade do galego, en tanto que as prácticas de literacidade propias do sistema educativo son nas que o alumnado de bacharelato máis recorre ao uso bilingüe (pero non tanto ao monolingüe en galego).

Por hábitat. Esta é a única variable xunto coa identidade que é significativa en todos os cruzamentos. A mocidade que reside en concellos de ata 10.000 habitantes utiliza máis o galego en todas as prácticas, ao contrario do que acontece cos residentes nas cidades.

Por identidade. En todas as prácticas hai diferenzas significativas por esta variable. Entre as persoas que se senten galegas a utilización do galego é superior que entre as que se senten españolas. As que se senten galegas e españolas ao mesmo tempo tenden cara ao castelán.

Por ideoloxía política. O contraste entre dereita e esquerda inflúe nas prácticas lingüísticas. Aínda que nas prácticas non inducidas, o castelán predomina nos tres grupos (dereita, centro, esquerda), as persoas que se posicionan na dereita utilízano máis.

Táboa 9. Perfís prácticas [+inducida, +práctica formal]

Facer exames segundo a lingua do/a profesor/a Profesor/a en galego <i>Resposta en galego</i> Idade. 16-17 Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>Resposta en castelán</i> Idade. Máis de 22 anos Nivel educativo. Universidade Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Ideoloxía política. Dereita Profesor/a en castelán <i>Resposta en castelán</i> Xénero. Muller Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía política. Centro <i>Resposta en galego</i> Hábitat. Ata 10.000 habitantes Ideoloxía política. Esquerda Tomar apuntamentos segundo a lingua do/a profesor/a Profesor/a en galego <i>Resposta en galego</i> Xénero. Muller Idade. 16-17 anos Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 Ideoloxía política. Esquerda <i>Resposta en castelán</i> Idade. Máis de 22 anos Nivel educativo. Universidade Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Ideoloxía política. Dereita Profesor/a en castelán <i>Resposta en castelán</i> Xénero. Muller Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española <i>Resposta en galego</i> Hábitat. Ata 10.000 habitantes	Contestar unha mensaxe electrónica Recibida en galego <i>Resposta en galego</i> Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>Resposta en castelán</i> Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Ideoloxía política. Dereita Recibida en castelán <i>Resposta en castelán</i> Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española <i>Resposta en galego</i> Hábitat. Ata 10.000 habitantes Opinar nun blog Con opinións en galego <i>Opinión en galego</i> Idade. 16-17 anos Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda. <i>Opinión en castelán</i> Idade. Máis de 23 anos Nivel educativo. Universidade Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Ideoloxía política. Centro e dereita Con opinións en castelán <i>Opinión en castelán</i> Xénero. Muller Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía política. Dereita <i>Opinión en galego</i> Hábitat. Ata 10.000 habitantes
---	---

Táboa 10. Perfís prácticas [+inducida, -práctica formal]

Participar nun chat	Redes sociais
Onde predomina o galego <i>Resposta en galego</i> Idade. 16-17 anos Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>Resposta en castelán</i> Nivel educativo. Universidade Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Ideoloxía política. Centro e dereita Onde predomina o castelán <i>Resposta en castelán</i> Idade. Máis de 23 anos Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía política. Dereita <i>Resposta en galego</i> Hábitat. Ata 10.000 habitantes Ideoloxía política. Esquerda	Comunicación con alguén que ten o seu perfil en galego <i>En galego</i> Xénero. Home Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>En castelán</i> Ideoloxía política. Centro e dereita Comunicación con alguén que ten o seu perfil en castelán <i>En castelán</i> Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española <i>En galego</i> Ideoloxía política. Esquerda
Resposta sms Recibido en galego <i>Resposta en galego</i> Idade. 16-17 anos Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>Resposta en castelán</i> Xénero. Muller Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Ideoloxía política. Dereita Recibido en castelán <i>Resposta en castelán</i> Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española	Resposta oral Cando me falan en galego <i>Contesto en galego</i> Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>Contesto en castelán</i> Ideoloxía política. Dereita Cando me falan en castelán <i>Contesto en castelán</i> Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española <i>Contesto en galego</i> Ideoloxía política. Esquerda

Táboa 11. *Perfís prácticas [-inducida, +práctica formal]*

Redactar un traballo <i>En galego</i> Xénero. Home Idade. 16-17 anos Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>En castelán</i> Xénero. Muller Idade. Máis de 22 anos Nivel educativo. Universidade Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía política. Centro e dereita Facer un exame <i>En galego</i> Xénero. Home Idade. 16-17 anos Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>En castelán</i> Xénero. Muller Idade. Máis de 20 anos Nivel educativo. Universidade Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía política. Dereita	Tomar apuntamentos <i>En galego</i> Xénero. Home Idade. 16-17 anos Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>En castelán</i> Xénero. Muller Idade. Máis de 22 anos Nivel educativo. Universidade Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía política. Dereita Escribir unha mensaxe electrónica <i>En galego</i> Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía. Esquerda <i>En castelán</i> Xénero. Muller Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía política. Dereita Participar nun blog <i>En galego</i> Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>En castelán</i> Xénero. Muller Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía. Dereita
--	---

Táboa 12. *Perfís prácticas [-inducida, -práctica formal]*

Chatear <i>En galego</i> Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega <i>En castelán</i> Nivel educativo. Universidade Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Escribir un sms <i>En galego</i> Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>En castelán</i> Xénero. Muller Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía política. Dereita	Escribir unha nota <i>En galego</i> Nivel educativo. Bacharelato Hábitat. Ata 10.000 habitantes Identidade. Galega Ideoloxía política. Esquerda <i>En castelán</i> Xénero. Muller Nivel educativo. Universidade Hábitat. Máis de 50.000 habitantes Identidade. Española Ideoloxía política. Dereita
---	---

Pola importancia que ten a variable 'lingua habitual', a seguir analízase polo miúdo a relevancia da muda e/ou da estabilidade da lingua nos dous grupos lingüísticos monolingües orais, centrando a análise neste caso no ámbito das novas tecnoloxías. Séguese o modelo exposto anteriormente. Combínase, logo, o trazo $\pm$ indución co trazo $\pm$ formalidade.

Prácticas non inducidas

A mocidade galegofalante muda máis de lingua que a mocidade castelanfalante nas prácticas da rede. De feito, entre os segundos case non se producen cambios en calquera das prácticas analizadas. Entre os falantes de galego, as mudas son máis frecuentes nas prácticas

O peso da lingua maioritaria entre a mocidade nótase no sentido das inducións, favorecendo ao castelán. A acomodación á lingua maioritaria é habitual aínda que non se perciben actitudes negativas nos castelanfalantes cando esa acomodación non se produce.

"Eu nas redes sociais galego ou castelán, depende."

"Normalmente cambiamos nós de galego a castelán."

"Cos meus amigos do meu pueblo porque levo falando galego con eles desde que os conocín (...) pero cando me falan en castelán eu tamén falo en castelán, vamos, como me fale a persona."

"No das redes sociales a maioría me falan en castelán e entonces intento responder en castelán."

"(...) máis que unha conversación nun chat que falaría en galego, se me envían un mensaxe ao mellor cambio (...) pode ser que algunha vez lle responda en castelán, pero é raro."

"Eu depende con quen fale, a min se me están falando en castelán falo castelán sempre e se me están falando en galego en galego."

"A mi no me parecería mal que yo hablara en castellano y me contestaras en gallego (...) aunque yo no hable gallego yo entiendo el gallego y le pasa a todo el mundo ¿sabes? (...) aunque no hable gallego soy gallega ¿entiendes?"

formais que nas informais. Dito con outras palabras, a formalidade potencia a muda cara á lingua socialmente prestixiada e visible, o castelán.

Figura 13. *Estabilidade e mudas nas prácticas non inducidas*

FORMAIS		INFORMAIS	
Galegofalantes	Castelanfalantes	Galegofalantes	Castelanfalantes
• Escribir unha mensaxe electrónica • Galego 53% • Castelán 13% • As dúas 34% • Escribir unha opinión nun blog • Galego 50% • Castelán 17% • As dúas 33%	• Escribir unha mensaxe electrónica • Castelán 87% • Galego 2% • As dúas 11% • Escribir unha opinión nun blog • Castelán 87% • Galego 2% • As dúas 11%	• Chatear • Galego 68% • Castelán 7% • As dúas 25% • Escribir nun sms/WatsApp • Galego 76% • Castelán 4% • As dúas 20%	• Chatear • Castelán 84% • Galego 2% • As dúas 14% • Escribir nun sms/WatsApp • Castelán 86% • Galego 3% • As dúas 11%

Prácticas inducidas

A diferenza coas prácticas non inducidas, os falantes reaccionan de maneira semellante ante interaccións dominadas pola súa propia lingua, sen diferenzas entre prácticas formais e informais. Agora ben, cando o interlocutor utilizou a outra lingua, a muda é a práctica máis frecuente, tanto entre os que falan en galego coma os que o fan en castelán, superando en todos os casos o 50%. No caso dos galegofalantes, a muda aumenta sensiblemente nos blogs, xa que só un 30% mantén o galego nestes contextos.

Figura 14. Estabilidade e mudas nas prácticas inducidas

FORMAIS		INFORMAIS	
Galegofalantes	Castelanfalantes	Galegofalantes	Castelanfalantes
• Contestar en galego unha mensaxe electrónica redactada en galego: 96% • Contestar en galego unha mensaxe electrónica redactada en castelán: 44% • Responder en galego nun blog a unha intervención en galego: 89% • Responder en galego nun blog a unha intervención en castelán: 30%	• Contestar en castelán unha mensaxe electrónica redactada en castelán: 93% • Contestar en castelán unha mensaxe electrónica redactada en galego: 46% • Responder en castelán nun blog a unha intervención en castelán: 94% • Responder en castelán nun blog a unha intervención en galego: 45%	• Responder en galego nun chat a unha intervención feita en galego: 93% • Responder en galego nun chat a unha intervención feita en castelán: 34% • Contestar en galego sms (WhatsApp) recibido en galego: 96% • Contestar en galego sms (WhatsApp) recibido en castelán: 50%	• Responder en castelán nun chat a unha intervención feita en castelán: 92% • Responder en castelán nun chat a unha intervención feita en galego: 36% • Contestar en castelán sms (WhatsApp) recibido en castelán: 92% • Contestar en castelán sms (WhatsApp) recibido en galego: 48%

4.3 A lingua galega na rede. Actitudes

Xunto ás prácticas, o outro aspecto esencial para comprender o presente e para abordar o futuro da lingua na rede é o actitudinal. As percepcións, expectativas e demandas da mocidade con respecto á presenza do galego en internet constitúen un interesante indicador para orientar as políticas públicas neste eido. Pois ben, ao igual que acontece na meirande parte de ámbitos da realidade social, a mocidade galega percibe que a presenza da lingua en internet é escasa (gráfico 18). Trátase, por outra banda, dunha percepción moi coherente, que reflicte a propia realidade.

A percepción é altamente homoxénea no conxunto da mocidade. As pequenas diferenzas por variables sociais e/ou lingüísticas non son significativas. Así, por exemplo, tamén os falantes de castelán comparten dita percepción.

As percepcións están sempre mediatizadas, mais en moita menor medida que as opinións. Por iso quixemos indagar neste segundo nivel. Unha cousa é recoñecer como escaso o uso do galego na rede e outra

distinta é valorar esa percepción. Con todo, a valoración da mocidade é tamén compacta, malia que presenta algúns matices salientables con respecto ás percepcións (gráfico 19). A opinión máis estendida é que a presenza do galego é insuficiente (70,8%). O resto fai una valoración diferente: un 27,3% considera que é suficiente e un residual 1,9% entende que é excesiva.

Gráfico 18. *Percepción da presenza do galego na rede (Base=1202)*





Gráfico 19. *Opinión sobre a presenza do galego na rede (Base=1204)*




Detéctanse dous perfís diferentes de persoas. Dun lado, os que consideran que é insuficiente responden ao seguinte prototipo: muller falante de galego, cunha identidade galega claramente definida e politicamente situada na esquerda. Doutro lado, o prototipo dos que consideran que é suficiente ou excesiva é o dun home falante de castelán, que se sente preferentemente español e situado ideoloxicamente na dereita. Ademais, entre os mozos e mozas que estudan bacharelato ou ciclos, a opinión varía segundo a titularidade dos centros. Consideran insuficiente a presenza do galego maiormente os que estudan en centros públicos. Non hai diferenzas salientables nin por tamaño do hábitat nin pola idade. Os gráficos que veñen a

continuación amosan isto con máis detalle.

Por xénero, compróbase que o 72,5% das mulleres opina que a presenza do galego na rede é insuficiente. Esta opinión nos homes é inferior situándose no 68,6% (gráfico 20).

Gráfico 20. Opinión sobre a presenza do galego na rede por xénero (Base=1204)



Por identidade, póñense en evidencia diferenzas notables na opinión sobre a presenza do galego na rede (gráfico 21). As persoas que se senten galegas opinan nun 88,4% que a presenza do galego é insuficiente. Entre as que se senten españolas aparecen dous grupos claramente opostos, cun 43,8% que considera insuficiente a presenza do galego e un 47,1% que considera que a presenza do galego na rede é suficiente. Tendo en conta que a maioría dos informantes (57,4%) se considera ao mesmo tempo galego e español, é neste tramo onde teremos que fixar máis a atención. Neste caso, o 69,1% considera insuficiente a presenza do galego na rede fronte a un 30,4% que opina que a presenza da lingua en internet é suficiente.

Tamén son significativas as diferenzas por ideoloxía política. Entre a dereita e o centro hai 13 puntos de diferenza no valor “insuficiente” e entre o centro e a esquerda outros 13. Tamén cómpre destacar que é practicamente residual, en calquera dos tres grupos, a porcentaxe dos que opinan que a presenza é excesiva (gráfico 22).

Como xa se sinalou, hai un nítida relación entre a lingua habitual e a percepción sobre a presenza do galego na rede (gráfico 23). O 82,9% dos que falan habitualmente en galego opina que a presenza do galego na rede é insuficiente. Entre os bilingües, a porcentaxe chega ao 74,3% e nos que falan habitualmente castelán esta porcentaxe sitúase no 63,8%.

Gráfico 21. Opinión sobre a presenza do galego na rede segundo a identidade
(Base=1094)




Gráfico 22. Opinión sobre a presenza do galego na rede segundo a ideoloxía política
(Base=1094)





Gráfico 23. Opinión sobre a presenza do galego na rede por lingua habitual
(Base=1201)



A terceira dimensión analizada foi a das demandas explícitas con respecto ao aumento (ou non) do uso do galego na rede. Obsérvase que se trata dunha dimensión diferente ás outras dúas. Neste caso, preténdese correlacionar as opinións coas expectativas. Os datos amosan que o 84% demanda unha maior presenza da lingua en internet. Entre os que demandan máis galego, un 52% solicita un lixeiro aumento, o 21% opta por que sexa moderado e o 27% desexaría que se producise un aumento considerable (Gráficos 24, 25).

Gráfico 24. *Demanda de máis galego en internet (Base=1194)*






Gráfico 25. *Intensidade da demanda de máis galego en internet (Base=1001)*



Malia que a demanda é moi xeneralizada, tal como reflicten os gráficos anteriores, detéctase un perfil nidio entre os non demandantes. Trátase dunha moza ou dun mozo urbano de dereitas que fala habitualmente castelán e cun sentimento identitario español. Con todo, téñase en conta que tamén entre os castelanfalantes ou entre a mocidade urbana, o dominante é demandar unha maior presenza do galego na rede.

A continuación, móstrase polo miúdo a caracterización do perfil sinalado. Con respecto ao hábitat, comparando os non demandantes cos demandantes dun aumento do galego en internet (gráfico 26). Como se ve, nas sete cidades a non-demanda acada o 19%, fronte ao 10% nos concellos de menos de 10.000 habitantes.

Gráfico 26. *Demanda de máis galego en internet segundo o hábitat de residencia (Base=1192)*



En canto á ideoloxía (gráfico 27), entre os que se autodefinen na órbita da dereita política atópanse as porcentaxes máis elevadas de non demanda (36,3%), fronte aos de centro (17,7%) e aos de esquerda (6,8%). Sendo estas diferenzas relevantes e significativas, tamén o é o feito de que, en calquera das tres posicións, a demanda do galego supera a non demanda.

Tal como xa se comentou, no perfil dos non demandantes, a lingua habitual é tamén unha variable que hai que ter en conta. A súa porcentaxe é maior entre os que se expresan de maneira preferente en castelán (23,6%) fronte aos bilingües (10,2%) e aos galegofalantes (5,4%), tal como reflicte o gráfico 28.

Gráfico 27. *Demanda de máis galego en internet segundo a ideoloxía política*
(Base=1084)





Gráfico 28. *Demanda de máis galego en internet segundo a lingua habitual*
(Base=1191)




Finalmente, a cuestión identitaria tamén entra en xogo cando se trata de posicionarse a favor ou en contra dunha maior presenza de galego na rede (gráfico 29). Os que se senten exclusivamente galegos son os que en maior medida se posicionan polo aumento da demanda (95,4%), seguidos de cerca polos que se identifican unitariamente como galegos e españois (86,1%). A maior redución porcentual atópase nos que se senten só españois, entre os que un 50% non é demandante de máis galego en internet.

Unha vez analizadas as diferenzas sociolóxicas entre os non demandantes e os demandantes, preséntanse polo miúdo os matices que caracterizan a estes últimos. Xa que logo, os datos que a continuación se expoñen teñen que ver só coa parte da mostra que se amosou favorable ao incremento da lingua galega na rede. Trátase de


ofrecer as diferenzas de matiz entre unha demanda baixa, unha demanda moderada e unha demanda forte. As variables que introducen diferenzas estatisticamente significativas son: xénero, nivel educativo, hábitat de residencia, ideoloxía política, lingua habitual e identidade.

Gráfico 29. *Demanda de máis galego en internet segundo a identidade (Base=1133)*



A porcentaxe dos que se posicionan a favor dunha maior demanda é máis elevada entre os homes (gráfico 30).


Gráfico 30. *Demanda de galego na rede segundo o xénero (só os que demandan, equivalente ao 84% da mostra) (Base=999)*



Polo que respecta ao nivel educativo (gráfico 31), entre os universitarios a demanda alta de galego é superior á que aparece no resto (32,3%). A continuación, están os estudantes de ciclos urbanos (24,4%) e os que


estudan bacharelato en núcleos non urbanos (22,5%). No bacharelato urbano e nos ciclos non urbanos, está por baixo do 20%. O grupo que en maior medida demanda unha presenza máis relevante do galego na rede é o dos universitarios (27,2%).

Gráfico 31. *Demanda de galego na rede segundo o nivel educativo (só os que demandan, equivalente ao 84% da mostra) (Base=1002)*




En canto ao hábitat de residencia, a mocidade que vive nos concellos de menos de 10.000 habitantes é a que máis demanda un aumento do galego na rede (gráfico 32). A continuación, sitúase a mocidade que vive nunha das sete grandes cidades de Galicia. Finalmente, os que demandan un nivel máis baixo dese aumento son que habitan en concellos de entre 10.000 e 50.000 habitantes.

Gráfico 32. *Demanda de galego na rede segundo o hábitat (só os que demandan, equivalente ao 84% da mostra) (Base 999)*




As variables nas que se atopan diferenzas máis relevantes son a lingua habitual (gráfico 33), a ideoloxía política (gráfico 34) e sobre todo a identidade (gráfico 35). Así, entre a mocidade que se expresa en galego e entre os bilingües a porcentaxe que demanda un aumento considerable da presenza de galego na rede é moito máis elevada que a dos castelanfalantes. Mentres que nos dous grupos primeiros destaca un 39,7% e un 34,1%, respectivamente, entre os últimos apenas se supera o 15%.

Gráfico 33. *Demanda de galego na rede segundo a lingua habitual (só os que demandan, equivalente ao 84% da mostra) (Base 997)*




En canto á dimensión ideolóxica, obsérvase unha diferenza nidia entre simpatizantes da esquerda e os outros dous grupos. A mocidade que se sitúa ideoloxicamente na esquerda é a que demanda de xeito máis claro un aumento significativo do galego na rede. A suma de moito máis e de bastante máis supera o 50%. Estas porcentaxes son moito máis matizadas nos outros dous grupos, como se aprecia no gráfico 34.

Gráfico 34. *Demanda de galego na rede segundo a ideoloxía política (só os que demandan, equivalente ao 84% da mostra) (Base 997)*



Finalmente, a cuestión identitaria é tamén altamente relevante. A identidade galega está moi vinculada a unha demanda forte de aumento da presenza do galego na rede (49,7%). Mentres que entre os que se senten españois ou galego e españois esta demanda é moito máis moderada (gráfico 35), particularmente entre os primeiros.

Gráfico 35. *Demanda de galego na rede segundo a identidade (só os que demandan, equivalente ao 84% da mostra) (Base 952)*



Para completar esta sección actitudinal, o cuestionario incluía algunhas valoracións ante as que os entrevistados debían posicionarse. Algunhas delas están relacionadas coa lingua nas novas tecnoloxías e nas redes sociais. Outras teñen un carácter máis xeral e serviron para avaliar as actitudes xerais ante a lingua galega na sociedade. A continuación expoñemos os resultados máis salientables desta batería actitudinal. Téñase en conta que a escala tipo Likert utilizada ía do 1 ‘totalmente en desacordo’ ao 5 ‘totalmente de acordo’, tendo como punto medio o 2,5.

En consonancia con boa parte da literatura especializada, as actitudes da mocidade respecto da lingua galega apuntan a unha posición consciente sobre a realidade sociolingüística de Galicia. En xeral, os mozos e as mozas galegas demandan unha maior presenza da lingua en distintos niveis do seu día a día. A afirmación que recolle un acordo máis consistente ($x=4,17$) é “Que en Galicia se falen dúas linguas é unha vantaxe”. Como se ve no gráfico 36, o resto dos enunciados superan o 3 agás os dous últimos, relacionados co uso do galego en internet e coa fiabilidade das redes sociais como fonte informativa en comparación cos medios tradicionais. En todo caso, tamén nestes dous últimos a media está por riba de 2,5 nunha escala de 1 a 5.

Gráfico 36. Actitudes lingüísticas

Xa que logo, entre a mocidade galega existe un acordo moi elevado na percepción do bilingüismo en Galicia como unha vantaxe e as actitudes a prol do fomento do galego son tamén favorables (puntuacións medias superiores a 3). Ese acordo non se manifesta coa mesma intensidade nas prácticas, xa que a porcentaxe de mozos e mozas que se expresa en galego na rede sempre que pode é do 27,2%. Por outra banda, a metade da mostra manifesta ter mellores competencias na lectura e na escrita en castelán. Este dato está influíndo na práctica de uso do galego na rede xa que o cruzamento entre a percepción da competencia en castelán e o uso do galego na rede é significativo. Só o 11,9% dos que len e escriben mellor en castelán se expresa en galego na rede, fronte ao 64,2% que non está de acordo en que teñan mellores competencias en castelán.

Do gráfico anterior tamén é destacable o feito de que a mocidade non percibe as redes sociais como unha medio de comunicación máis fiable que os medios de comunicación tradicionais. Semella que a mocidade percibe as redes sociais como un medio para a relación máis que como un medio de comunicación orientado á información. Esta percepción non significa que a mocidade non utilice as redes sociais como fonte de

información; o que acontece é que nas redes sociais é moi doado difundir a información e isto é válido tanto para a información contrastada como para a que non o é.

As variables nidamente significativas á hora de elaborar un perfil dentro da mocidade con medias superiores á global para cada unha dos enunciados actitudinais relacionadas con internet e as redes sociais son a construción identitaria e a lingua habitual. Nun segundo nivel, é relevante a diferenza que introduce a ideoloxía e, en moita menor medida, a idade e o hábitat de residencia. A táboa seguinte inclúe as puntuacións máximas e mínimas nos distintos grupos sociais.

Táboa 13. Actitudes lingüísticas ante o uso do galego. Perfís sociolóxicos máis diferenciados


Enunciado	Igual ou superior a 4	Igual ou inferior a 3
As webs das empresas galegas deberían estar tamén en galego X=3,7	• Identidade galega (4,3) • Galegofalante (4,1) • De esquerdas (4) • De 22-23 anos (4)	• Identidade española (2,9)
* A Xunta de Galicia debe impulsar o uso do galego na rede X=3,6	• Identidade galega (4,2) • Galegofalante (4,1) • De esquerdas (4)	• Identidade española (2,6)
* En Galicia debería fomentarse o uso do galego nas redes sociais X=3,6	• Identidade galega (4,2) • Galegofalante (4,1)	• Identidade española (2,7)
O sistema educativo debe potenciar o uso do galego nas novas tecnoloxías X=3,5	• Identidade galega (4,2) • Galegofalante (4)	• Identidade española (2,6)
* Debe fomentarse o software en galego X=3,3		• Identidade española (2,3) • Castelanfalante (2,9) • De dereitas (2,7)
Se podo, sempre que me expreso en internet (foros, chats, blogs...) fágoo en galego X=2,9	• Galegofalante (4)	• Identidade española (2,1) • Identidade galega-española (2,7) • Castelanfalante (2,6) • De dereitas (2,7) • Bacharelato urbano (2,7) • Ciclos urbanos (2,9) • Ciclos non urbanos (2,9) • Universidade (2,8)
As redes sociais son máis fiables que a televisión, a radio e os xornais X=2,6		• Todos os grupos

Para finalizar este apartado actitudinal, ofrécese unha análise máis polo miúdo nos tres enunciados relacionados co fomento do galego, en internet, nas redes sociais e no software, sinaladas con asterisco na táboa anterior.

A Xunta de Galicia debe fomentar o uso do galego na rede

Tal como recolle a táboa 13, a puntuación media é de 3,6. As diferenzas significativas aparecen segundo o nivel educativo, o hábitat de residencia, a ideoloxía política, a lingua habitual e a identidade.


Gráfico 37. *Actitude ante o fomento do galego en internet por parte da Xunta segundo distintas variables sociolóxicas (puntuacións medias) (Bases=1204; 1201;1096;1139;1200)*



En Galicia debería fomentarse o uso do galego nas redes sociais

Neste caso, a puntuación media tamén é de 3,6 (táboa 13). As diferenzas significativas aparecen segundo o nivel educativo, o hábitat de residencia, a ideoloxía política, a lingua habitual e a identidade.


Gráfico 38. Actitude ante o fomento do galego nas redes sociais segundo distintas variables sociolóxicas (puntuacións medias) (Bases=1203; 1201;1095;1139;1200)



Debe fomentarse o software en galego

Tal como indica a táboa 13, a puntuación media é de 3,3. As diferenzas significativas aparecen segundo a idade, o nivel educativo, o hábitat de residencia, a ideoloxía política, a lingua habitual e a identidade.

Gráfico 39. Actitude ante o fomento do galego nas redes sociais segundo distintas variables sociolóxicas (puntuacións medias) (Bases 1191; 1201; 1199; 1094;1137; 1198)



Análise DAFO

A continuación preséntase unha síntese sobre a situación da lingua galega no ámbito de internet e das redes sociais. Optouse por un DAFO como instrumento analítico porque permite detectar as estratexias de acción para transformar unha determinada realidade. O DAFO é unha ferramenta que ordena nun cuadrante as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que son percibidas respecto dunha circunstancia determinada. Trátase de reflectir, por unha banda, os puntos fortes que se deben desenvolver –fortalezas e oportunidades– e, por outra banda, os puntos débiles que cómpre afrontar –debilidades e ameazas.

En primeiro lugar, recóllese o esquema xeral que mostra a relevancia do DAFO. En segundo lugar, afóndase en cada un dos seus elementos: as debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades.

Dentro dos puntos fortes, as fortalezas son entendidas como elementos ou factores de carácter positivo e internos respecto da situación social da lingua no ámbito das redes sociais. As oportunidades, en cambio, son factores positivos pero de carácter externo á citada situación. Neste sentido, as fortalezas son circunstancias relativas ao presente e as oportunidades son potencialidades futuras.

Respecto dos puntos débiles, as debilidades son os factores ou circunstancias internas, relativas ao presente e de carácter negativo, mentres que as ameazas son os factores ou circunstancias externas, relativas ao futuro e de carácter negativo.

Táboa 14. DAFO. Esquema interpretativo

Externo Interno	Debilidades (D)	Fortalezas (F)
	Ameazas (A)	Oportunidades (O)
	(DA) Estratexias de supervivencia	(FA) Estratexias defensivas
	(DO) Estratexias de reorientación	(FO) Estratexias ofensivas

A seguir, recóllense os contidos de cada cuadrante.

Debilidades

- Baixo prestixio social da lingua. A lingua galega non supón un elemento valorado na mobilidade social, especialmente no sector privado.
- Feble reprodución lingüística na familia, o que implica escasos vínculos coa lingua galega en boa parte da mocidade.
- O uso da lingua está estratificado na mocidade. Hai unha nidia ligazón entre lingua, identidade, ideoloxía política e hábitat.
- Uso moi residual das redes sociais galegas.
- Ausencia da opción 'galego' nalgunhas das redes sociais máis utilizadas (Twitter, Skype etc.) e en determinados dispositivos móbiles.
- Rexeitamento da variedade do galego e do modelo estilístico dispoñible na interface das aplicacións. A mocidade demanda galego nos dispositivos móbiles e nas redes sociais pero non está plenamente satisfeita con boa parte das solucións adoptadas ata o de agora.
- Accións institucionais de baixa intensidade nas medidas galeguizadoras relacionadas coas redes sociais. As redes sociais non foron unha prioridade nas políticas lingüísticas oficiais, polo que se perderon algunhas oportunidades de liderar accións neste ámbito.
- Percepción de diferenzas no alcance das redes: global-local. As redes menos densas (Facebook, Twitter) activan máis o castelán debido a que se perciben como redes de menor proximidade. Por exemplo, a tendencia na mocidade é iniciarse con Tuenti (rede social máis densa e de proximidade) e posteriormente incorporarse a Facebook e a Twitter deixando nun segundo plano Tuenti. Isto é desfavorable ao galego porque en Facebook e en Twitter o castelán é moi maioritario.

Ameazas

- Crise económica que dificulta as políticas públicas e iniciativas privadas de intervención e de dinamización lingüística.
- As novas tecnoloxías constitúen unha realidade moi dinámica. Nelas, as innovacións son constantes, polo que precisan diagnóstico permanente e adaptación inmediata aos cambios.
- A complexidade lingüística das sociedades contemporáneas favorece o recurso a linguas francas como linguas de comunicación. Aínda que internet é un espazo plural, é obvio que un reducido número de linguas están acumulando un especial protagonismo e xerando valor en internet.
- A situación de contacto como situación de conflito. Percíbense posturas extremas que poden debilitar o valor da lingua na cohesión social. A lingua non goza dun consenso social pleno e hai grupos minoritarios que tratan de fomentar o conflito.

Fortalezas

- A mocidade é un grupo social cun bo dominio da lingua galega, especialmente nas destrezas escritas.
- Prestixio cultural da lingua. O galego goza de recoñecemento cultural no conxunto da poboación e as industrias culturais galegas teñen prestixio de seu.
- Internet é inherente á cultura xuvenil. Os mozos e as mozas son usuarios nativos cunha forte cultura comunicativa móbil. As redes sociais son mecanismo de expresión e reafirmación da mocidade.
- Actitudes favorables á presenza do galego na rede por parte da mocidade. Hai unha nidia demanda de máis galego na rede.
- A visibilidade do galego nas interaccións propias das redes sociais fomenta o seu uso (uso inducido na rede). Para a mocidade é máis doado incorporar á súa práctica comunicativa o galego escrito que o galego oral, na medida en que a maioría ten máis experiencias activas co primeiro que co segundo.
- A mocidade é consciente da importancia das redes sociais na normalización da lingua.
- Baixo custo das iniciativas ligadas a internet e fácil canalización da creatividade. O individuo convértese en produtor de contidos e de servizos de toda índole.
- A existencia da Rede de Dinamización Lingüística como organismo orientado ao fomento do galego dende a Administración local e outras entidades.

Oportunidades

- Ámbito esencial para a galeguización da sociedade. Internet e as redes sociais constitúen unha obvia posibilidade de potenciar as linguas socialmente debilitadas. Todas as linguas teñen cabida na rede e de aproveitárense ben os recursos destinados á súa promoción, os retornos para as linguas, para os falantes, para a súa proxección exterior, para as comunidades son evidentes.
- Importancia da personalización da interface. É básico poder ter a opción “en galego” porque existe unha demanda insatisfeita.
- Internet é un espazo de diversidade no que todas as linguas teñen cabida e igualdade de condicións, na medida en que as regulacións son máis febles e o uso e a distribución dos idiomas non está controlado normativamente. É dicir, esváese a diferenza entre lingua maioritaria e lingua minoritaria, en termos de control do acceso e de produción á información, á educación, á política, á expresión artística, á cultura etc.
- A conectividade permanente favorece o acceso inmediato e a comunicación coa mocidade e a creación de comunidades de práctica instantáneas.
- Existencia de redes sociais galegas. A lingua conta coas súas propias dinámicas na rede e isto debe ser tido en conta na planificación lingüística.
- Nas redes sociais teñen cabida todas as ideoloxías políticas, e ningunha das máis usadas está ligada a unha determinada proposta partidista.
- Existencia dun activismo cívico a prol da lingua.
- Marco normativo favorable (LNL) e o PXNLG como referencia e guía de actuación.
- Potencialidade dos neofalantes do galego. O neofalante ademais de ampliar o número de usuarios da lingua convértese nun axente relevante para a dinamización lingüística.

Estratexias de intervención

A combinación dos elementos do DAFO mostra distintas estratexias de intervención, que deben considerarse unha vez recoñecido o diagnóstico, os obxectivos e as prioridades de actuación. Con respecto á situación da lingua nas novas tecnoloxías, as estratexias poden ser: defensivas, orientadas a superar as ameazas (FA), de reorientación, afondando nas novas oportunidades que este ámbito establece para a normalización e expansión da lingua galega, minimizando as debilidades (DO), ofensivas, avanzando no crecemento e na potenciación do idioma neste ámbito (FO) e de supervivencia, orientadas a manter a situación actual mentres non se acadan as transformacións precisas para mudar a situación (DA).

Partindo do DAFO que se acaba de presentar, enténdese que, nestes intres, é preciso afondar nas tres primeiras. Xa que logo, óbvanse as estratexias DA por non achegar ningún avance á situación actual.

O obxectivo fundamental que subxace a esta análise é aumentar a visibilidade e o uso do galego na rede. Así, as medidas deberan ir dirixidas cara a unha presenza permanente do galego na rede, ligándoo tanto á mocidade como ás novas tecnoloxías. Deste xeito as iniciativas de máis interese son as de carácter estrutural por riba das iniciativas puntuais. Por exemplo, a posibilidade de que o usuario teña a opción do contorno das redes sociais e das aplicacións de comunicación en galego (e nun galego próximo e recoñecible) é fundamental. Así, pódese aproveitar a potencialidade de internet en xeral e as redes sociais en particular como medios onde facer visible a súa “simpatía polo galego” aínda que non o utilicen como lingua habitual.

Estratexias FA

- Potenciar a creatividade dirixida ao desenvolvemento de iniciativas en internet que partan do propio individuo. Trátase dunha medida de baixo custo que compensa a situación de crise económica.
- Crear dentro da Administración a figura do xestor de comunidade, encargado/a de xestionar, coordinar e administrar o uso das redes sociais para a comunicación e a interacción coa sociedade.
- Aproveitar o prestixio cultural da lingua para fortalecer o seu uso nas redes sociais e reducir a utilización do castelán como lingua

franca neste ámbito entre a mocidade galega.

- Crear e divulgar un repertorio de boas prácticas que enfatice o valor da lingua como instrumento para a cohesión social a través das redes, aproveitando tanto o dominio da lingua como as boas actitudes ao seu fomento por parte da mocidade.

Estratexias DO

- Segmentar a mensaxe sobre o valor da lingua na red en función dos perfís da mocidade.
- Mellorar a calidade lingüística do galego nas interfaces das redes sociais. Aumentar a visibilidade da lingua ao incorporala como opción de personalización (nas interfaces) do usuario de redes sociais e de utilidades que son as que utiliza a mocidade a diario.
- Fomentar as redes sociais integramente en galego: Chuza, Cabozo, Latri-ca etc.; de tal xeito que a incorporación de novos usuarios aumente a visibilidade e a pluralidade destas redes.
- Posibilitar a presenza do galego nos sistemas operativos e nas interfaces dos dispositivos móbiles (smartphones, tablets). Incorporar o galego nas aplicacións de mensaxería instantánea (WhatsApp, chat de BlackBerry) e nas utilidades de comunicación Skype, Viber etc. e todas aquelas que as compañías de telefonía móbil están a incorporar ao mercado.
- Divulgar eficientemente as medidas de dinamización lingüística relacionadas co ámbito das novas tecnoloxías, prestando especial atención ás redes sociais como medio de difusión.
- Fomentar o mantemento da lingua galega no cambio de redes sociais. É dicir, o mesmo que o galego vale para Tuenti tamén vale para Facebook e Twitter.
- Potenciar o valor do galego na rede como unha oportunidade para fomentar a mobilidade social, prestixiando deste xeito a lingua entre a mocidade. Fomentar a creación de ferramentas e aplicacións de consumo entre a mocidade que utilicen a lingua galega nas redes sociais. Liderar o desenvolvemento dunha aplicación gratuíta de mensaxería integramente en galego para “falar” utilizando o móbil,

tablet ou ordenador que funcionase en todos os sistemas operativos. Impulsar software lúdico e de comunicación en galego. “Xogos do Facebook” en galego.

Estratexias FO

- Fomentar a presenza de referentes xuvenís (deporte, espectáculo) que se expresen en galego na rede, sobre todo en Twitter.
- Potenciar as redes sociais como medio de difusión de campañas de divulgación institucional da Xunta de Galicia dirixidas á mocidade (non só de lingua). Aproveitando a segmentación que as propias redes achegan, por exemplo sabemos que Tuenti está sendo utilizado por un target de menor idade ou que a utilización de Facebook aumenta coa idade e o seu uso está vinculado á comunicación cun círculo máis amplo (incorpora familiares de maior idade, persoas residentes no estranxeiro).
- Aproveitar a potencialidade da Rede de Dinamización Lingüística para fomentar a intervención da Administración Local a través das redes sociais. Os propios concellos poden activar a interacción coa mocidade a través das redes sociais.

Remate

Pola súa propia natureza, estrutura e as lóxicas que subxacen ao seu uso, internet debe converterse nun ámbito vertebrador da dinamización lingüística, ao redor do cal reconstruír a recuperación do galego. Este desafío é particularmente necesario entre a mocidade, por ser un grupo social que vive unha boa parte do seu día a día nas redes sociais e nas comunidades virtuais. Trátase, polo tanto, dun eixe esencial para as políticas públicas relacionadas coa dinamización lingüística.

Xa que logo, a lingua galega xoga parte do seu futuro nas redes sociais. Fronte a ámbitos tradicionais como a administración, o ensino ou os medios de comunicación clásicos, internet supón unha extraordinaria oportunidade para que o idioma gañe posición entre a mocidade, tanto en número de falantes como en prestixio social. A rede supón un espazo de interacción, de lecer, de traballo, de ocio etc. que é inherente á identidade dos mozos e das mozas. Polo tanto, ningunha iniciativa relacionada co fomento da lingua debe ser allea a esta realidade.

O momento actual é esencial para actuar en consecuencia. En primeiro lugar, porque detectamos que o galego ten moito camiño que percorrer neste eido. Precísase unha política lingüística permanente no tempo e intensa nas accións para non perder a oportunidade que supoñen as redes sociais para o desenvolvemento da lingua. Téñase en conta que o galego continúa sendo unha lingua viva precisamente polo seu uso en redes sociais tradicionais, fundamentalmente en redes densas como a familia, a comunidade, o vecindario etc. As redes sociais densas favorecen a integración e a cohesión social, na medida en que se artellan arredor de valores como o compromiso, o intercambio, a solidariedade etc. e favorecen o uso de variedades vernáculas e o reforzo das normas grupais. En definitiva, valores ligados ás relacións sociais informais.

En segundo lugar, porque o uso do galego nas redes por parte da mocidade é escaso. Isto debe verse como unha alerta, especialmente se se acepta que estamos nun ámbito sensible para o futuro da lingua. Mesmo é un uso menor ao doutros ámbitos informais (lingua habitual). Malia que a mocidade galega ten un dominio das destrezas do idioma satisfactorio, utilízao pouco nas redes sociais. Agora ben, visibilizar o galego en internet e nas redes sociais activa interaccións nesa lingua e é un elemento mobilizador do idioma. Naquelas interaccións que se inician en galego na rede, as mudas cara ao castelán son moito máis baixas.

En terceiro lugar, cómpre satisfacer a demanda de máis galego na rede

existente entre a mocidade. As actitudes son favorables a un aumento do galego en internet e nas redes sociais. Esta realidade avala calquera das estratexias a prol do galego recomendadas neste estudo. Así, por exemplo, a potenciación e a difusión da localización de software e os dispositivos de conexión á rede (tablet, smartphone) en galego ten que seguir sendo unha prioridade na política lingüística. Neste sentido, cómpre prestar atención á calidade do galego dispoñible para evitar o rexeitamento entre a mocidade.

Non debemos esquecer a situación económica que estamos a vivir, o que supón un factor que limita as posibilidades de intervención e o desenvolvemento de iniciativas favorables á expansión da lingua galega. Non obstante, internet é un medio que permite a expansión da creatividade, tanto individual coma colectiva e no que o factor económico, sendo importante, non é tan limitador como noutros ámbitos. A propia existencia de redes galegas é un exemplo de iniciativas privadas onde o factor creativo ten máis importancia que o económico.

Este traballo constitúe unha primeira aproximación aos comportamentos e ás actitudes da mocidade galega con respecto ao uso do idioma nas redes sociais. Pola súa relevancia estratéxica para o futuro do idioma, son precisos máis traballos que afonden nesta realidade. En particular, aconséllase iniciar novas achegas cualitativas e etnográficas, que permitan coñecer a fondo as racionalidades que hai detrás das prácticas lingüísticas nas redes sociais por parte da mocidade e indagar nos elementos que ligan a mocidade, a lingua e as redes sociais.

ANEXO

Anexo - Cuestionario

(Universidade)

A Secretaría Xeral de Política Lingüística está realizando unha enquisa sobre mocidade e internet. Só serán uns minutos e as túas respostas serán tratadas de forma confidencial. Moitas grazas.

Nome do centro	Codificar (Táboa de centros)	Número de cuestionario (non cubrir)

Universidade e Campus (Rodear o número que corresponda)

UNIVERSIDADE	CAMPUS	
UDC	A Coruña	1
	Ferrol	2

USC	Santiago de Compostela	3
	Lugo	4

UVI	Vigo	5
	Ourense	6
	Pontevedra	7

Rama de ensinanza

Artes e Humanidades	1
Ciencias	2
Ciencias da Saúde	3
Ciencias Xurídicas e Sociais	4
Enxeñería e Arquitectura	5

(Institutos)

A Secretaría Xeral de Política Lingüística está realizando unha enquisa sobre mocidade e internet. Só serán uns minutos e as túas respostas serán tratadas de forma confidencial. Moitas grazas.

Nome do centro	Número de cuestionario (non cubrir)

Concello onde se localiza o centro (Rodear o número que corresponda)

Provincia de A Coruña	A Coruña	1
	Ferrol	2
	Santiago de Compostela	3
	Carballo	4
	Betanzos	5
	Muros	6
Provincia de Lugo	Lugo	7
	A Fonsagrada	8
	Monforte	9
	Ribadeo	10
Provincia de Ourense	Ourense	11
	O Carballiño	12
	Verín	13
Provincia de Pontevedra	Pontevedra	14
	Vigo	15
	Lalín	16
	Vilagarcía de Arousa	17
	Moaña	18

Nivel educativo (Rodear o número que corresponda)

1.º de bacharelato	1
2.º de bacharelato	2
Ciclo formativo de grao medio	3
Ciclo formativo de grao superior	4

USO DE INTERNET

1. Con que frecuencia utilizas internet?

Máis de 5 horas ao día	1	De 3 a 5 horas ao día	2	Máis de 1 hora e menos de 3 horas ao día	3	Menos de 1 hora ao día	4	Menos dunha vez ao día	5
------------------------	---	-----------------------	---	--	---	------------------------	---	------------------------	---

2. Canto tempo hai que utilizas internet?

Número de anos: _____

Menos dun ano	1	De 1 a 2 anos	2	Máis de 2 e menos de 4 anos	3	De 4 a 6 anos	4	Máis de 6 anos	5
---------------	---	---------------	---	-----------------------------	---	---------------	---	----------------	---

3. Con que frecuencia te conectas a internet utilizando os seguintes medios?

	<i>Nunca</i>	<i>Case nunca ou moi poucas veces</i>	<i>Algunhas veces</i>	<i>Bastantes veces</i>	<i>Sempre</i>
<i>Teléfono móbil</i>	1	2	3	4	5
<i>Ordenador de sobremesa</i>	1	2	3	4	5
<i>Portátil</i>	1	2	3	4	5
<i>Outros dispositivos portátiles</i>	1	2	3	4	5

4. Que significa internet para ti? (Podes marcar máis dunha resposta)

<i>É imprescindible na miña vida</i>	1
<i>É un perigo</i>	2
<i>É un medio onde me podo mostrar tal e como son</i>	3
<i>É algo do que dependo para relacionarme</i>	4
<i>É unha fonte de información</i>	5
<i>É un acceso gratuito a películas e música</i>	6
<i>É algo do que podo prescindir facilmente</i>	7
<i>É un medio onde podo parecer o que non son e me gustaría ser</i>	8
<i>É un medio que reforza a miña identidade</i>	9
<i>É un medio onde sempre atopo o que quero</i>	10

5. Cal é a túa páxina de inicio? _____

6. Tes blog persoal?

<i>Si</i>	<i>1</i>	<i>Non</i>	<i>2</i>
-----------	----------	------------	----------

7. En caso afirmativo. Con que periodicidade o actualizas?

<i>Varias veces ao día</i>	<i>1</i>	<i>Unha vez ao día</i>	<i>2</i>	<i>Varias veces á semana</i>	<i>3</i>	<i>Unha vez á semana</i>	<i>4</i>	<i>Con menor frecuencia</i>	<i>5</i>
----------------------------	----------	------------------------	----------	------------------------------	----------	--------------------------	----------	-----------------------------	----------

8. Cando estás conectado, con que frecuencia utilizas a rede para realizar as seguintes actividades?

	<i>Nunca</i>	<i>Case nunca ou moi poucas veces</i>	<i>Algunhas veces</i>	<i>Bastantes veces</i>	<i>Sempre</i>
<i>Buscar información</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Chatear</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Comprar</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Usar redes sociais</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Descargar películas e/ou música</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Enviar ou recibir mensaxes electrónicas</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Para aprender</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Escoitar música en liña</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Ler xornais en liña</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Ver a televisión en liña</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Ver vídeos en liña</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Xogar en liña</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Visitar webs eróticas</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>

9. Con que frecuencia utilizas os seguintes servizos ou utilidades de internet?

	<i>Nunca</i>	<i>Case nunca ou moi poucas veces</i>	<i>Algunhas veces</i>	<i>Bastantes veces</i>	<i>Sempre</i>
<i>Buscadores (Google...)</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Correo electrónico</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Badoo</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>

	<i>Nunca</i>	<i>Case nunca ou moi poucas veces</i>	<i>Algunhas veces</i>	<i>Bastantes veces</i>	<i>Sempre</i>
<i>Blogs</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Cabozo</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Chuza</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Facebook</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Flyckr</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>HI5</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Jaiku</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Latri.ca</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Linkedin</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Menéame</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Messenger</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>MySpace</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Second Life</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Skype</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Tuenti</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Twiter</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>World war</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Xing</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Youtube</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Outras.....</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>

10. Aproximadamente, cantos contactos ou amigos/as podes ter nas Redes Sociais nas que participas?

O GALEGO NA REDE

11. Que lingua utilizas habitualmente nos seguintes recursos e utilidades da rede?

	<i>Galego</i>	<i>Castelán</i>	<i>As dúas</i>	<i>Outra Cal?</i>
<i>Buscadores (Google...)</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Correo electrónico</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Badoo</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Blogs</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Cabozo</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Chuza</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Facebook</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Flyckr</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>HI5</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Jaiku</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Latri.ca</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Linkedin</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Menéame</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Messenger</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>MySpace</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Second Life</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Skype</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Tuenti</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Twiter</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>World war</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----
<i>Xing</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i> -----

	<i>Galego</i>	<i>Castelán</i>	<i>As dúas</i>	<i>Outra Cal?</i>
<i>Youtube</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>
<i>Outras.....</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>

12. Se puideses, terías as seguintes interfaces en galego?

	<i>Xa o teño en galego</i>	<i>Teríao en galego se estivese dispoñible</i>	<i>Teríao en castelán aínda que estivese dispoñible en galego</i>
<i>O teléfono móbil</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>O sistema operativo</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>O correo electrónico</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Buscadores (Google...)</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Badoo</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Blogger</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Cabozo</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Facebook</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Flyckr</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>HI5</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Jaiku</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Latri.ca</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Linkedin</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Menéame</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Messenger</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>MySpace</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Second Life</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Skype</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Tuenti</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Twiter</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>

	<i>Xa o teño en galego</i>	<i>Teríao en galego se estivese dispoñible</i>	<i>Teríao en castelán aínda que estivese dispoñible en galego</i>
<i>World War</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Xing</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Youtube</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>

13. Cal cres que é a presenza da lingua galega en internet?

<i>O galego non ten presenza en internet</i>	<i>1</i>	<i>Ten pouca presenza en internet</i>	<i>2</i>	<i>Ten bastante presenza en internet</i>	<i>3</i>	<i>Ten moita presenza en internet</i>	<i>4</i>
--	----------	---------------------------------------	----------	--	----------	---------------------------------------	----------

14. Consideras que a presenza da lingua galega en internet é:?

<i>Insuficiente</i>	<i>1</i>	<i>Suficiente</i>	<i>2</i>	<i>Excesiva</i>	<i>3</i>
---------------------	----------	-------------------	----------	-----------------	----------

15. Gustaríache que a lingua galega tivese máis presenza en internet?

<i>Non</i>	<i>1</i>	<i>Si, algo máis</i>	<i>2</i>	<i>Si, bastante máis</i>	<i>3</i>	<i>Si, moita máis</i>	<i>4</i>
------------	----------	----------------------	----------	--------------------------	----------	-----------------------	----------

16. Ata que punto se dan as seguintes situacións na túa vida diaria?

	<i>Nunca</i>	<i>Case nunca ou moi poucas veces</i>	<i>Algunhas veces</i>	<i>Bastantes veces</i>	<i>Sempre</i>
<i>Recibo sms en galego</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Recibo mensaxes electrónicas en galego</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Cando escribo a miña opinión nun blog, fágoo en galego</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Oa/as meus/miñas amigos/as utilizan o galego nas redes sociais</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>

17. En que lingua escribes cando:?

	<i>Só en castelán</i>	<i>Máis en castelán</i>	<i>As dúas indistintamente</i>	<i>Máis en galego</i>	<i>Só en galego</i>
<i>Tomas apuntamentos na aula</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Redactas un traballo para a clase</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Fas un exame</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Escribes unha nota para acordarte de algo</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Escribes unha mensaxe electrónica</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Escribes un sms</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Opinas nun blog</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Chateas</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>

18. Habitualmente, que fas nas seguintes situacións?

	<i>Galego</i>	<i>Castelán</i>	<i>As dúas</i>
<i>Cando me fan en galego, eu utilizo o:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Cando me fan en castelán, eu utilizo o:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Se o/a profesor/a dá a clase en galego, tomo os apuntamentos en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Se o/a profesor/a dá a clase en castelán, tomo os apuntamentos en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Se o/a profesor/a dá a clase en galego, fago os exames en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Se o/a profesor/a dá a clase en castelán, fago os exames en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Se recibo un sms dun/ha amigo/a en galego, contéstoo en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Se recibo un sms dun/ha amigo/a en castelán, contéstoo en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Se recibo unha mensaxe electrónica dun/ha amigo/a en galego, contéstoo en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Se recibo unha mensaxe electrónica dun/ha amigo/a en castelán, contéstoo en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Nun blog onde hai opinións escritas en galego e en castelán, eu escribo a miña opinión en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>
<i>Se escribo nun blog para lle responder a alguén que o fixo en galego, fágo en:</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>

	<i>Galego</i>	<i>Castelán</i>	<i>As dúas</i>
<i>Se escribo nun blog para lle responder a alguén que o fixo en castelán, fágoo en:</i>	1	2	3
<i>Se estou nun chat onde a lingua predominante é o galego, eu chateo en:</i>	1	2	3
<i>Se estou nun chat onde a lingua predominante é o castelán, eu chateo en:</i>	1	2	3
<i>Se estou nun chat e a última opinión é en castelán, eu chateo en:</i>	1	2	3
<i>Cando me comunico nunha rede social con alguén que ten o seu perfil en galego, eu escribo en:</i>	1	2	3
<i>Cando me comunico nunha rede social con alguén que ten o seu perfil en castelán, eu escribo en:</i>	1	2	3

19. Con que frecuencia se producen as seguintes situacións?

	<i>Nunca</i>	<i>Algunhas veces</i>	<i>Bastantes veces</i>	<i>Sempre</i>
<i>Na casa eu falo castelán</i>	1	2	3	4
<i>Nas casas dos meus amigos fálase castelán</i>	1	2	3	4
<i>Cos meus amigos falo castelán</i>	1	2	3	4
<i>A xente da miña idade fala castelán</i>	1	2	3	4

20. En que medida estás de acordo coas seguintes afirmacións?

	<i>Totalmente en desacordo</i>	<i>Bastante en desacordo</i>	<i>Indiferente</i>	<i>Bastante de acordo</i>	<i>Totalmente de acordo</i>
<i>Prefiro as clases en castelán</i>	1	2	3	4	5
<i>En Galicia, para ter un mellor traballo debería ser necesario un bo coñecemento do galego</i>	1	2	3	4	5
<i>A xente da miña idade debería falar máis galego</i>	1	2	3	4	5
<i>O sistema educativo debe potenciar o uso do galego nas novas tecnoloxías</i>	1	2	3	4	5
<i>As webs das empresas galegas deberían estar tamén en galego</i>	1	2	3	4	5
<i>Prefiro que os libros de texto estean escritos en castelán</i>	1	2	3	4	5
<i>As familias galegas deberían usar máis o galego na casa</i>	1	2	3	4	5
<i>Leo e escribo mellor en castelán que en galego</i>	1	2	3	4	5

	<i>Totalmente en desacordo</i>	<i>Bastante en desacordo</i>	<i>Indiferente</i>	<i>Bastante de acordo</i>	<i>Totalmente de acordo</i>
<i>Que en Galicia se falen dúas linguas é unha vantaxe</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>O galego debe aumentar na publicidade en TV e radio</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>En Galicia, debería fomentarse o uso do galego nas redes sociais</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Se podo, sempre que me expreso en internet (foros, chats, blogs...) fágoo en galego.</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>Debe fomentarse o software en galego</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>As redes sociais son máis fiables que a televisión, a radio e os xornais</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>
<i>A Xunta de Galicia debe impulsar o uso do galego na rede</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>

VARIABLES SOCIOLINGÜÍSTICAS E SOCIODEMOGRÁFICAS

1. Sexo

<i>Home</i>	<i>1</i>	<i>Muller</i>	<i>2</i>
-------------	----------	---------------	----------

2. Idade (anota a túa idade)

<i>De 16 a 17 anos</i>	<i>1</i>	<i>De 18 a 19 anos</i>	<i>2</i>	<i>De 20 a 21 anos</i>	<i>3</i>	<i>De 22 a 23 anos</i>	<i>4</i>	<i>Máis de 23 anos</i>	<i>5</i>
------------------------	----------	------------------------	----------	------------------------	----------	------------------------	----------	------------------------	----------

3. Concello no que resides

4. Cal é a profesión do teu pai ou titor/a?

5. Cal é a profesión da túa nai ou titor/a?

6. En que lingua aprendiches a falar?

<i>Galego</i>	<i>1</i>	<i>Castelán</i>	<i>2</i>	<i>As dúas</i>	<i>3</i>	<i>Outras</i>	<i>4</i>
---------------	----------	-----------------	----------	----------------	----------	---------------	----------

7. Que lingua falas habitualmente?

<i>Galego</i>	<i>1</i>	<i>Castelán</i>	<i>2</i>	<i>As dúas</i>	<i>3</i>	<i>Outras</i>	<i>4</i>
---------------	----------	-----------------	----------	----------------	----------	---------------	----------

8. Como definirías a túa identidade?

<i>Síntome galego/a</i>	<i>1</i>	<i>Síntome español/a</i>	<i>2</i>	<i>Síntome galego/a e español/a</i>	<i>3</i>	<i>Outro-----</i>	<i>4</i>
-------------------------	----------	--------------------------	----------	-------------------------------------	----------	-------------------	----------

9. Que che parece se un/ha amigo/a teu/túa que falaba habitualmente castelán comeza a falar habitualmente galego?

<i>Moi mal</i>	<i>1</i>	<i>Bastante mal</i>	<i>2</i>	<i>Nin ben nin mal</i>	<i>3</i>	<i>Bastante ben</i>	<i>4</i>	<i>Moi ben</i>	<i>5</i>
----------------	----------	---------------------	----------	------------------------	----------	---------------------	----------	----------------	----------

10. Se 0 é extrema dereita e 10 extrema esquerda, en que número situarías a túa ideoloxía política? Risca o número que corresponda.

<i>0</i>	<i>1</i>	<i>2</i>	<i>3</i>	<i>4</i>	<i>5</i>	<i>6</i>	<i>7</i>	<i>8</i>	<i>9</i>	<i>10</i>
----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	----------	-----------

Rematamos, moitas grazas pola túa colaboración.

